



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, don Jesús Bao Bouzas, dona M^a Jesús Gómez González e don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Antes de dar comezo á sesión o Sr. presidente manifesta que lle gustaría pedir desculpas aos compañeiros de Corporación e aos veciños e veciñas de Cambre en xeral, a todos, porque esta mañá tiveron unha concentración polo tema da violencia de xénero, que foi convocada sobre as 10:00 ou 10:30 h, case sen tempo, porque a concentración e o minuto de silencio era ás 12:00 da mañá, polo tanto reitera que quere pedir perdón e pedir desculpas tanto aos compañeiros da Corporación como aos veciños e veciñas de Cambre.

Tamén antes de empezar este pleno di que lle gustaría que gardasen un minuto de silencio.

Así pois, os dezanove concelleiros asistentes á sesión, xunto co público presente, gardan un minuto de silencio en conmemoración do Día internacional contra a violencia de xénero.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de agosto de 2015

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 16 de setembro de 2015, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de agosto de 2015.

Non se formulan alegacións, polo que a Corporación, por unanimidade dos dezaioito concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron á citada sesión [os seis concelleiros do PP; os catro concelleiros presentes de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; e a concelleira do GM (C's)], aproba o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de aprobación inicial do expediente de transferencia de crédito do orzamento municipal núm. 20/2015

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 9 de novembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vistas as facturas presentadas no rexistro municipal pendentes de aprobar correspondentes a despesas de gastos correntes de pavimentación de viais públicos, e unha vez analizada a execución do orzamento obsérvase a necesidade de aumentar o crédito orzamentario nas aplicacións propostas, para as que o crédito dispoñible é insuficiente.

Vista a posibilidade de atender o aumento dos créditos orzamentarios necesarios, dada a existencia de crédito na aplicación orzamentaria que reduce o seu importe sen que se produza perturbación do respectivo servizo.

En virtude do disposto nos artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tratándose a modificación proposta, dunha transferencia de crédito que afecta a distintas áreas de gasto, é polo que propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 20/2015, por importe de 20.000,00 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
011/310	Xuros	86.674,51		20.000,00	66.674,51
1532/203	Aluguer maquinaria pavimentación viais públicos	50.000,00	15.000,00		65.000,00
1532/210	Mantemento pavimentación viais públicos	100.000,00	5.000,00		105.000,00
	Totais	236.674,51	20.000,00	20.000,00	236.674,51

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 18 de novembro de 2015.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que este asunto trátase da transferencia dende unha partida destinada a pago de xuros, que se aforraron debido á baixa do euribor, á partida destinada a aboar obras diversas, cuxa relación tense entregado aos grupos. A cantidade é de 20.000 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que o voto do seu grupo, loxicamente e como non pode ser doutra forma, para que estes provedores do concello poidan cobrar, vai ser favorable. Pero tamén é verdade que aínda que se lles ten entregado a partida, a relación dos traballos feitos, teñen pouca especificación neses traballos, porque supón, teñen que supoñer, e así se prescribe, que son obras que se teñen feito con urxencia, porque houbo que realizalas nun momento determinado no que xurde a fochanca ou hai que facer unha drenaxe, unha cuneta, ou cortar unha árbore. Polo tanto, van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles tamén van apoiar esta proposta, que a fin de contas non supón máis que transferir 20.000 euros, que non se van aplicar ao pago de xuros, debido á baixada, como dicía o Sr. Leirós, do euribor, para atender a facturas de pavimentación e de viais públicos. É unha proposta que está fundamentada, informada favorablemente polo interventor, e coidan que debidamente explicada, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, voceiro suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo será favorable tamén, como nas comisións informativas.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que eles tamén consideran que o concello debe cumprir cos provedores, e tamén van votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Transferencia de crédito existente na aplicación 151/619 entre os distintos proxectos afectados. **Cambio de afectación préstamo**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos do día 13 de novembro de 2015 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta da área de Urbanismo, na que solicita dotar de crédito a unha obra considerada como prioritaria para dar unha solución ao problema de aparcadoiros a determinadas zonas do termo municipal, se inicia expediente de modificación do orzamento por parte desta concellería no que se recaban informes da área de Urbanismo e da área de Intervención.

Visto que na área de Urbanismo se informa favorablemente a disposición do crédito destinado no orzamento 2014 a aparcadoiros no núcleo de Cambre.

Visto que polo interventor municipal se suliña a necesidade de elevar a acordo plenario a desafectación do préstamo vinculado a obra “**Implantación de aparcadoiro e mellora estética do núcleo de Cambre**” afectándoo ao proxecto de “**Adecuación de diversas áreas para aparcadoiros provisionais no termo municipal de Cambre**”.

Esta concellería, presenta ao Pleno da Corporación a seguinte **proposta de acordo**:

Primeiro: Efectuar a desafectación de 55.000,00 euros do préstamo do Banco Sabadell nº 270978389 destinado a “Implantación de aparcadoiro e mellora estética do núcleo de Cambre” afectando o dito crédito ao proxecto de “Adecuación de diversas áreas para aparcadoiros provisionais no termo municipal de Cambre”.

Segundo: De adoptar o acordo, darase traslado del á entidade financeira Banco Sabadell coa que se concertou a operación de crédito para o seu xeral coñecemento.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente de data 18 de novembro de 2015.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que este asunto trata de trasladar dunha partida con destino a un aparcadoiro no centro de Cambre, de 110.000 euros, parte desa partida trasladala a outra partida con destino tamén a aparcadoiros en diversos puntos do termo municipal. A cantidade que se traslada son 55.000 euros.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que, como dixeron nas comisións informativas, cre que é precipitado transferir eses 55.000 euros, e explica o por que. Di que con estar totalmente de acordo en que son necesarios os aparcadoiros nos distintos puntos do concello, tamén o era o do centro de Cambre, e aquí vai recollido un que é no centro de Cambre, con estar totalmente de acordo en que son necesarios e en que hai que facer a obra, ben é verdade que sacan o pel ao oso antes de matalo.

Di isto, e por iso vai pedir que retiren este punto da orde do día, porque estas actuacións vanse facer en terreos privados, que teñen o seu propietario privado, e nos cales o concello non ten convenio asinado, polo menos non se lles ten achegado, con ningún deles. O que ocorre é que o Goberno saíu en prensa dicindo que se ían facer esas actuacións neses terreos, e a el sorpréndelle que algún dos propietarios o teña chamado por teléfono para preguntarlle se o concello podía facer iso. El contestoulle que, en principio, se asinaba un convenio co concello, si, se non, pois non.

Quere dicir iso que o concello non ten a titularidade dos terreos para facer esas obras, polo tanto parécelle que esta transferencia de crédito é precipitada. Conclúe que o PP, no momento en que teñan asinados os convenios con eses propietarios, serán os primeiros en votar favorablemente este acordo, ese convenio e esta transferencia de crédito, entrementes, o que piden é que retiren o punto da orde do día.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que eles, en principio, coas garantías xurídicas que lles ofrecen, van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que no informe da concellería da que emana esta proposta xustifícase como unha obra considerada prioritaria para darlle unha solución ao problema do aparcamento en determinadas zonas do termo municipal. Eles concordan absolutamente con esa necesidade de aparcadoiros nos enclaves aos que se refiren.

Teñen que ter en conta, tamén, que é unha cuestión importante, que a desafectación de 55.000 euros da operación de préstamo, dun total de 530.000 € aproximadamente, se non se equivoca, implica que se a diferenza de importe finalmente non se vai destinar, como parece que así vai ser, á obra de implantación de aparcadoiro e mellora estética do núcleo de Cambre, ten que antes de finais de outubro do ano que vén, amortizarse correctamente ou desafectalo para outro fin. É dicir, esa é tamén unha nota importante neste asunto, tanto como para facer mención dese prazo para desafectar esa diferenza.

Se se atañen ao que di o informe do Sr. Leirós, a implantación do aparcadoiro e mellora do núcleo de Cambre é un proxecto que nin está, nin se lle agarda. Ben, estar si está, pero non se lle agarda. Nese sentido tamén lles gustaría que na súa intervención lles fixera, aínda que fora de viva voz, unha breve exposición de cales son os motivos que motivan esa frase no seu informe que di que nin se iniciou o proceso de contratación, nin se ten intención de facelo.

Respecto das localizacións que se propoñen, non poden ser mellores, aí evidentemente vanlles dar a razón, pero hai un defecto importante, ao seu modo de ver, respecto non do expediente en si, senón da documentación achegada tras as comisións informativas do mércores pasado, que lle agradecen ademais ao Sr. Leirós que llelo fixera chegar inmediatamente, pero no expediente en si non se incorpora un documento imprescindible para poder observar este asunto coa distancia e obxectividade que se merece. Coincide nese sentido co que dicía o Sr. Rivas, non deben deixarse impresionar pola necesidade deses aparcadoiros, que é unha necesidade real, e pola boa disposición que poidan ter os seus propietarios, segundo o que o Sr. concelleiro manifestaba nas comisións informativas, sen antes pararse a analizar o documento ao que fai referencia. Trátase do documento que os propietarios dos terreos que se queren destinar a aparcadoiro deben asinar, ou van asinar, ou incluso que un propietario, polo que lles dixo o outro día, parece ser que xa asinou. É o documento de cesión de uso.

Eles entenden que é a fórmula correcta para a situación que se propón. Nese documento, que é o que o Sr. Leirós lles fixo chegar, ven que se establecen unha serie de cláusulas necesarias e correctas, tales como que o concello non usará o terreo para nada diferente que non sexa un aparcadoiro, que a cesión ten carácter gratuito, que o concello vai asumir a limpeza, a roza, o recheo, consumos, licenzas, que durante ese tempo de cesión o concello tamén asume o pagamento do IBI, as reparacións consecuencia do seu uso, o gasto derivado da formalización, etc.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A cambio diso, o concello o que obtén é o uso deses terreos como aparcadoiro. Ata aí entenden que está todo correcto, pero na cláusula cuarta do contrato de cesión de uso, que é onde eles ven que a proposta non é válida, dise que a cesión de uso terá un prazo de duración dun ano e que se prorrogará automaticamente por períodos anuais. Di que non entenden que esa redacción sexa incorrecta, senón que entenden que é incompleta. Coa redacción tal e como está, se polos motivos que sexa, e poñéndose no peor dos casos, calquera deses catro propietarios, ou un deles, calquera, decide dentro dun ano non renovar o contrato, atoparanse con que se reverteran uns terreos que están limpos, rozados, recheos, nivelados e cun ano de contribución pagada. É dicir, e por ser máis explícita aínda, que van gastar 55.000 euros, expoñéndose ao risco de que dentro dun ano non teñan nin os 55.000 euros, nin os aparcadoiros.

A eles parécelles moito investimento para asumir ese risco. Cren que nese sentido a relación contractual está descompensada. Pódese compensar por unha parte, ou ben deixando o asunto enriba da mesa e dándolle unha volta á redacción desta cláusula, ou ben no sentido no que eles entenden que debería estar ese punto redactado, sería como no seu momento se redactou o proxecto inicial ao que fixeron referencia do núcleo de Cambre, dicindo algo así como que a presente cesión de uso terá vixencia ata a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal que permita o desenvolvemento da unidade de execución onde se asente o terreo e, como mínimo, e iso si que é unha opinión, é dicir, a lanzan porque é unha opinión, ou un cálculo que poden facer sen ningún tipo de criterio, pero si que un ano lles parece pouco tempo, é dicir, como mínimo eles din por un prazo de dous anos, se non se aprobara o Plan xeral con anterioridade ao dito período de tempo, etc., etc., o resto da redacción do punto.

Consideran que a cantidade é tan importante que fai falta buscar unha fórmula que non permita que pasado un ano, en aplicación da cláusula IV, o propietario finalice a cesión de uso e o concello, ademais, teña que asumir os gastos de retirada de vehículos e demais, como así está estipulado.

Feita esta puntualización, tamén quere dicir, xa o dixo máis ou menos antes, que non presentaron ningún tipo de proposta de modificación, nin de voto particular, porque o documento que propoñen modificar non se atopa incluído na proposta, de modo que formalmente non procede tampouco ningunha desas figuras. E tamén por ese motivo, explicarlle aos compañeiros dos outros grupos, que por ese motivo tampouco lles fixeron chegar esta achega e a están facendo aquí, de viva voz no pleno.

Nese sentido, apoian a petición do Sr. Rivas de que o asunto quede enriba da mesa, que lle dean unha volta a este punto, e despois, evidentemente, eles van apoiar a proposta sen maior inconveniente.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que saben que este é un plan B, gustaríalles tamén que os informaran sobre o plan A, cal sería o modelo que van levar a cabo, pero tamén entenden que é unha necesidade dos veciños os aparcadoiros na actualidade no Concello de Cambre, nas diferentes áreas que se atopan no informe, no Temple, en Cambre, etc., polo que o seu voto vai ser favorable, debido a esta eiva que se atopa na actualidade.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que ao seu grupo preocúpalle aprobar esta transferencia sen que a totalidade dos propietarios teñan asinado o acordo, porque de non producirse estarían bailando co diñeiro dun lado para outro. Por outra parte, si é verdade que ao ter algunha cesión asinada, este trámite permitiría axilizar o inicio das obras de adecuación.

Son conscientes da necesidade destes espazos, porque todos viven o día ao día, e aínda que esta non sexa unha solución a longo prazo, si vai solucionar temporalmente o problema, pero de darse o caso de autorizar neste mesmo pleno a transferencia, se logo non obteñen as autorizacións, ou os custos son superiores, iso levaríalos a ter que volver solicitar de novo outro permiso de transferencias. Entón, a verdade é que teñen bastantes dúbidas, e polo que saben soamente un dos propietarios ten asinado a autorización, polo que comparten a opinión dos outros grupos de que se debe agardar a ter asinadas máis cesións.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que a cuestión fórmulase da seguinte forma. Por facer unha similitude, porque os exemplos valen, cando se propón o aparcadoiro de Cambre no Goberno anterior, dende o orzamento colócanse 110.000 euros con ese destino. Non se teñen os terreos, pero si se localiza a partida, e non pasa absolutamente nada. Ninguén puxo impedimentos, porque se entende que o que se valora é o proxecto en si, non a súa xestión. A xestión a valorarán a posteriori, e determinarán se esa xestión é ou non é efectiva.

Polo tanto, eles cren que para avanzar neste asunto poden trasladar xa os 55.000 euros, e con esa intención se fixo, porque o diñeiro non se vai perder, vai estar aí, se non se executan, pois non se executan. Evidentemente, como é normal, tívose uns contactos cos propietarios, non se van lanzar a unha aventura destas sen expoñerlle aos propietarios o que pode pasar.

A maioría dos propietarios están de acordo. A maioría das localizacións nas que se enclavan teñen un planeamento de desenvolvemento por desenvolver. Atenden á postura de ACdC no sentido de que se poden ampliar os prazos dependendo de planeamento e desenvolvemento, certo, pero iso pódese ver. O que queren dicir é que a partida pódese trasladar, non ten problema ningún, xuridicamente non ten ningún tipo de problema.

Considera que sería por parte da Administración tamén un pouco doloso, e un pouco malinterpretable, se resulta que fan o contrario, que é que non teñen partida, adquirenlle os terreos, ou consensúan os terreos cos propietarios e despois non conseguen a partida, ou non conseguen a aprobación do Pleno. A administración quedaría un pouco afectada porque como me fas un trato se despois non tés diñeiro. Parece menos afectoso ter a partida, posto que a controlan eles, e despois negociar cos propietarios os aparcadoiros.

De calquera forma di que aquí hai unha cuestión clara, necesitan isto con urxencia, porque no colexio Portofaro necesítase aparcar, e estase iniciando o proceso; o centro de saúde do Temple necesita aparcamento, e hai que xestionalo, e cantos máis pasos vaian dando, parécelles que sería mellor, porque poñerían eses aparcadoiros en actividade con máis prontitude.

Di que as garantías son todas e, polo tanto, non entende as dificultades neste tema. Poden abrir outra vía, e se o que preguntan é se van estar dentro desa especie de negociación dos convenios, dilles que por suposto, que sempre lles teñen aberto a porta. Van estar, a redacción das estipulacións poden vela, poden realizala e poden ver o proxecto.

En canto á partida orzamentaria, foron os propios técnicos os que a valoraron. É verdade que cun orzamento maximalista, os técnicos saben que está por riba do prezo real, o saben, saben que non van ser 55.000 euros, saben que poden ser 40 ou 45, cre que andaban polos 38 máis IVE, é dicir, que vai ser menor. Evidentemente o saben, porque senón habería que pedirilles responsabilidades do orzamento.

Conclúe dicíndolles que eles deciden se xestionan isto e o levan para adiante, ou se o deixan aí e o xestionan a posteriori.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el está de acordo co Sr. Leirós en que os aparcadoiros son totalmente necesarios, e están moi ben formuladas incluso as localizacións, non vai entrar nesa dúbida, e eles iso apóiano.

Di que o que aquí están discutindo exclusivamente, non é o proxecto de facer os aparcadoiros, senón unha transferencia de crédito para facer eses proxectos nuns determinados terreos.

O Sr. Leirós dicía que o Goberno anterior tiña deixado esa partida incluída nos orzamentos, orzamentos que loxicamente UxC votou en contra, ten que dicilo. Non obstante, está reflectida nos orzamentos, pero di que nunca

teñen traído o proxecto a pleno, porque non contaban co documento de cesión dos terreos, que por certo era por cinco anos e oito meses.

Ben é verdade que a posición agora é distinta. A partida segue estando aí, e o Goberno actual quere coller un pedazo desa partida e aplicalo a terreos privados. Terreos privados dos que non teñen asinado ningún convenio con eles e, ademais, el ten serias dúbidas de que os acaden. Pídelles que o perdoen, que é unha apreciación persoal e do seu grupo, e explica o por que. Porque hai dous dos terreos que son empresas que están en concurso de acredores, co cal non teñen a potestade de administración os propietarios dos terreos, senón que a ten o xuíz, e o concello vai invadilas. Pregunta o convenio asinado por quen, se polo xuíz. El sabe o que é un concurso de acredores, e iso sóalle a chino.

En segundo lugar, di que hai outro propietario que ten un convenio asinado con este concello, e non vai ceder nun aparcadoiro gratuíto, e menos por un ano, aínda que lle paguen o IBI.

E o terceiro, o do Portofaro, que xa se está utilizando. Ben é verdade que o Goberno municipal pode asinar ese convenio, é posible, porque ese ten a propiedade, a titularidade, e a sociedade pode asinar o que queira, porque non está en concurso de acredores. Pero di que nos outros dous teñen serias dúbidas de que poidan asinar o convenio.

Segue dicíndolle que se son capaces de asinar eses convenios con eses propietarios, e llelos dan aos grupos, o PP será o primeiro en votar a prol, pero entremetres pide que deixen esa partida de crédito onde está, que retiren este punto da orde do día, asinen os convenios, e que o discutan entre todos os grupos, e eles serán os primeiros en votar a prol.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que se está a cousa de non, é non. O deixan aí e xa está, atrasarase a xestión e non hai problema ningún. Pero di que non hai ningún problema legal para facer a transferencia, e o proxecto é o suficientemente interesante como para propoñela. As implicacións que ten a transferencia, non son ningunha, porque os diñeiros non se perden, non teñen ningunha desvalorización. Esa é a cuestión, necesitan avanzar nesta xestión.

Tamén quere contestarlle ao Sr. Rivas. Dille que é certo o que dixo, o saben, pero eles non invaden terreos, como o Sr. Rivas dixo, senón que os negocian. Teñen negociado co administrador concursal, están niso. Están negociando co Sareb, que é o que se vai facer con parte deses terreos. Están niso, están facendo un esforzo, grande, porque co Sareb hai que negociar en Madrid, non se pode negociar aquí, outra dificultade a maiores. Pero que aí están. Están niso e están avanzando. Saben perfectamente por onde andan, iso asegúrallelo.

A segunda cuestión que lle sorprende é unha mención na que non se quere estender moito, porque refírese a un propietario que veu ao concello e dixo que nestas condicións estaba disposto, e o Sr. Rivas sabe a que se refire, ao famoso convenio. A posición diante do equipo de goberno, ou polo menos diante del, foi absolutamente distinta. Si é verdade que no último tema estaba como un pouco remiso, pero trátase de sentalo na mesa, seguir falando e seguir conversando sobre ese tipo de cuestións. O propietario ten que avaliar se quere seguir mantendo o terreo e rozalo todos os anos, como ten que facelo, ou ver se lle interesa que o concello lle conserve un terreo que vai ter que estar todos os anos cortando. Agarda que cheguen a un acordo, pero si que teñen falado con el, si o coñecen, non o coñecen de agora, o coñecen de hai moitos anos, como o Sr. Rivas, e non a el persoalmente, pero si ao anterior, ao verdadeiro propietario do terreo e á súa familia, e chegarán ou non chegarán a un acordo, pero que están niso, si.

O que quere dicir é que están avanzando neste proceso, e aínda que hai procesos avanzados que poden deteriorarse, por suposto, este está avanzado. Consideran que o tema da transferencia non ten ningún inconveniente legal, e que lles vai permitir, de novo, avanzar moito máis. Cren que resulta necesario, pero se os

señores concelleiros deciden que non se leve agora e que se leve despois, o Pleno é competente e o equipo de goberno admite o que eles voten.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López dille ao Sr. Leirós que iso de que se a cousa está de non, está de non, non, porque o anterior punto estaba de si, e estaba de si. É dicir, está de non porque ven que hai determinado tipo de cousas que se poden mellorar, non é o non pola pateadura.

Ela vai facer referencia ao anterior proxecto, do que falou o Sr. Leirós, e ao punto que ACdC-SON propón modificar, porque entenden que non dá ao concello seguridade suficiente como para investir 55.000 euros e ter que revertelos necesariamente, ou posiblemente, ao cabo dun ano, deixando uns terreos arranxados, preparados, e dicíao antes, tendo a posibilidade de quedar sen 55.000 euros e sen aparcadoiros.

Nese proxecto anterior redactábase ese punto ao que fan referencia do seguinte xeito: O dereito de superficie (que é distinta figura, pero que para os efectos dos prazos válelles igual) terá vixencia ata a aprobación definitiva do Plan especial de reforma ou do Plan xeral de ordenación municipal, que permita o desenvolvemento da unidade de execución na que se asentan os citados terreos, agás que ese se efectuara no período de cinco anos dende o levantamento da acta da recepción das obras,...

Di que sendo diferentes situacións, no anterior si que se garante unha rendibilidade dese diñeiro. Agora parécelles pouco garantista para o concello, tendo en conta como están as arcas municipais. Non é un non porque non.

Tampouco ven como posibilidade o que o Sr. Leirós dicía de que existe a posibilidade de ver o dos prazos despois de aprobar a transferencia de crédito, porque se xa un propietario asinou, que ela o sabe porque o dixo o Sr. concelleiro, pero se xa asinou o convenio cos termos que aquí se establecen, cunha obriga de un ano, evidentemente pregunta que van facer despois, se van revisar os prazos e despois falar con ese propietario que xa ten un contrato asinado, unha cesión de uso de terreo dun ano, mentres que os outros serían de dous.

É dicir, pide que repasen, que vexan ese punto e que entreguen en todo caso un convenio ou un contrato de cesión de uso de forma que ese diñeiro reverta dalgunha forma nos veciños, que non se tire e saia polas portas do concello.

En canto á urxencia, efectivamente hai urxencia, pero están falando de que eles teñen aquí plenos mes a mes, non é tanta a urxencia, ademais cando soamente un está asinado e cos outros están falando, están en trámite. Por moita urxencia ou por moito que estea aprobado o crédito, se non hai unha sinatura, non se poden comezar as obras. Ela velle a urxencia aos aparcadoiros, pero non a urxencia da aprobación desta transferencia de crédito.

Dicía tamén o Sr. Leirós que eran eles os que decidían. Dille que non, eles non deciden, decide o equipo de goberno. Ela non sabe como fixo as contas, que ás veces as fai regular, pero cre que se non retiran o punto e o deixan enriba da mesa, poden sacalo adiante cos votos que se manifestaron.

Conclúe dicindo que ACdC-SON non di que esa transferencia sexa ilexítima, pero pódese mellorar, e non é un non por un non.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que el o que está tratando de trasladar é que aquí do que están falando é dunha transferencia, non están falando nin do proxecto, nin están falando do contrato. O contrato avanzouse porque na comisión informativa se lles pediu, e eles todos os documentos que teñen por suposto que os dan, para que a oposición e todos os grupos saiban de que va.

Agora están falando dunha transferencia. Están falando de coller un diñeiro, de trasladalo con base nun proxecto. O que queren dicir é que cando se fixo o anterior proxecto do aparcadoiro, por poñer un símil, volve insistir, fíxose dende os orzamentos, ninguén falou de se iso tiña ou non tiña, e era un terreo privado. Exactamente igual que aquí, era un terreo privado. Ninguén se preguntou se nos orzamentos tiñan que ter en firme os terreos para despois poder facer o proxecto, ninguén se preguntou iso. Había un proxecto, ese proxecto avalíouse, orzamentouse e despois fíxose a xestión do proxecto.

Ese proxecto non foi adiante, non se puido levar a cabo por unha serie de circunstancias que tampouco van valorar aquí, porque non é o sitio nin o momento e, ademais, non é adecuado, non corresponde, pero non foi adiante. Non foi adiante porque houbo unha serie de tiras e afrouxas e non se conseguiu facer. Se lle preguntan se pode pasar aquí iso, pois dilles que claro que pode pasar. A única vantaxe que hai aquí é que antes de albergar a partida orzamentaria, esa transferencia que se pide, téñense feito unhas xestións para tentear como estaban as cousas, un tenceo, e viuse que había moitas posibilidades de que isto saíra adiante.

O único do que están tratando é de facer a transferencia ou non. Pódese facer despois, pero cren que axilizan facéndoa antes. De calquera forma, os impedimentos que se poden poñer, é dicir, as referencias que a voceira de ACdC-SON fai, pódense tratar despois, sen ningún problema, van estar aquí.

En canto ao tema das cláusulas, a cláusula dun ano tense valorado tamén polos técnicos, quizais falte o informe. Tense valorado o investimento que se fai. Nos aparcadoiros anteriores eran 160 prazas e o valor era de 99.000 euros, agora están poñendo 223 prazas e o valor é de 45.000 euros. Botouse a conta de canto valería alugar unha parcela durante un ano e as contas saen máis ou menos, canto valería alugar para poñer uns aparcadoiros en funcionamento. Ademais di que non vai ser un ano, que o saben.

Preguntouse se poden dispoñer respecto do planeamento e el tenlle dito que si nalgúns casos. Portofaro ten que realizar un plan de ordenación, un plan urbanístico que vai levar uns dous anos tramitalo, como mínimo, mínimo, dous ou tres anos. Antes é imposible, ten que pasar medio ambiente, ten un percorrido moi longo.

O único o de Cambre, pois si, puidera ser, pero estase facendo sobre un dotacional, co cal está garantido que parte do aparcadoiro vai estar aí sempre.

Os únicos que están sen garantir, pero que son imprescindibles, son os do solo urbano directo, é dicir, detrás da escola infantil.

Intervén o Sr. alcalde para pedirlle ao voceiro de UxC que vaia rematando.

Don Juan González Leirós dille que si, e finaliza dicindo que os que están detrás da escola infantil son os que están sen garantir. Iso é o que quere dicir, que están falando dunha transferencia.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que a eles segue a preocuparlles a posibilidade de obter as autorizacións dos propietarios, porque de palabra todo é moi bonito, pero hai que ter os papeis asinados, e é a única dúbida que teñen ao respecto, polo tanto, di que se van abster.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que el entende perfectamente ao Sr. Leirós, pero o de axilizar non o entende. Enténdelle o que quere facer, enténdeo porque el tamén estivo no Goberno, pero non entende a présa, iso non o entende. O mesmo concelleiro dixo que está negociando co Sareb en Madrid e vaia se iso non leva tempo. E como dicía a súa compañeira de Corporación, Olga Santos, teñen plenos todos os meses, e de vez en cando algúns extraordinarios. Unha transferencia de crédito pódese traer en calquera momento a pleno.

Pero vaille facer unha puntualización, porque o Sr. Leirós refírese sempre ao número de prazas e ao que sae cada praza, e a que é o investimento de 90.000 contra 45.000, cando a transferencia de crédito son 55.000 euros.

Dille que co proxecto anterior a eles non se lles ocorreu traer a pleno, en ningún momento, o proxecto do aparcadoiro ata ter cazado o oso, para sacarlle o pel. Eles comezaron a negociar no ano 2012, e no ano 2014 foi cando meteron a partida orzamentaria nos orzamentos, e ten que dicir que eses orzamentos os votou UxC en contra. Ese orzamento tivo que ser aprobado cunha cuestión de confianza, á cal se someteu, por iso se aprobou esa partida, senón esa partida igual non estaba agora aprobada.

O Goberno actual prorrogou o orzamento e preguntalle se 90.000 euros de investimento para esas 200 ou 168 prazas, durante cinco anos e oito meses, que é o prazo da cesión dos terreos que o departamento de Secretaría, non a Sra. secretaria, o departamento de Secretaría lles dixo que era necesario para xustificar o investimento. E agora resulta que invisten a metade, fan 100 prazas máis, pero amortízanos nun ano.

Insiste en que el sinceramente non entende a présa. Pídelle ao Sr. Leirós que lles traia aquí os convenios asinados para eses catro terreos, e el mesmo vai ser o primeiro, o PP será o primeiro en votar a prol. Reitera que non entende a présa. Esa transferencia de crédito pódese facer en calquera momento, e por iso lle solicitan que isto quede sobre a mesa, para discutilo, analízalo, falar cos propietarios, e incluso eles os axudan a falar cos propietarios para esa cesión, e traen a transferencia de crédito a outro pleno.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández manifesta que como voto de confianza neste actual Goberno, o sentido do voto do BNG seguirá manténdose favorable.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que xa que se pediu que quedara sobre a mesa, primeiro teñen que votar se o deixan ou non sobre a mesa e despois votar o contido da proposta. De todas formas, quere dicirlle ao Sr. Rivas, sen acritude de ningún tipo, que os terreos privados son os mesmos, é dicir, o voceiro do PP repite terreos privados, terreos privados, como se a parcela na que eles tiñan pensado facer o aparcadoiro non o fora, e son o mesmo.

Explica que estes son 100.000 euros que estaban nunha hucha, e eles o que pretenden é dividir o diñeiro en dúas huchas, nada máis. É verdade que outra cousa é revisar o tema do contrato, como di Olga, ou o tema da rendibilidade a un ano, é discutible, si. El está de acordo en que se pode discutir, e discutilo incluso despois de votar isto, pero outra cousa é o tema de que o Sr. Rivas lles diga que agarden primeiro a ter os terreos para despois coller os cartos, cando eles fixeron o contrario, tiveron os cartos e despois tentaron facerse cos terreos. Non foron capaces de conseguilo en dous anos negociando, o Sr. voceiro acaba de dicilo. Igual eles levan outro ritmo e queren acabar unhas cousas para comezar outras, igual é cuestión da rapidez.

Conclúe dicindo que é un tema exclusivamente diso, todos son conscientes do que se necesita alí, e por iso van a este ritmo. Que non conseguen os catro e conseguen tres, van estar encantados. Que conseguen dous, van estar encantados, porque son novas prazas, e supoñen que o resto dos concelleiros tamén, e os cartos que queden aí, vanse outra vez a investir no concello.

Sometida a votación ordinaria a proposta de deixar este asunto sobre a mesa, votan a prol os seis concelleiros do PP e os dous concelleiros de ACdC-SON. Votan en contra os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por once votos en contra, rexeitou a proposta de deixar sobre a mesa a proposta de transferencia de crédito existente na aplicación 151/619 entre os distintos proxectos afectados.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdG-PSOE e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os seis concelleiros do PP. Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON e a concelleira do GM (C's).

A Corporación, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Mocions urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocions dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo de ACdC-SON. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal de ACdC-SON relativa á inclusión da vacina da meninxite B no calendario de vacinación

Rexistrada de entrada ao núm. 0/10493 o día 20 de novembro de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

"A meninxite meningocócica é causada pola bacteria do comunmente coñecido como meningococo (Neisseria meningitidis, serogrupo tipo B).

Segundo os datos dispoñibles cada ano prodúcense 500.000 casos de enfermidade meningocócica en todo o mundo ocasionando 50.000 mortes prematuras, sendo os bebés e os menores de 5 anos os colectivos máis vulnerables a esta enfermidade. Os afectados que sobreviven, segundo a OMS poden experimentar graves secuelas como danos cerebrais, discapacidade de aprendizaxe, perda de audición e amputacións dos seus membros.

Actualmente 7 de cada 10 casos de meninxite en España son polo serogrupo B, falecendo un de cada dez afectados entre a poboación infantil, quedando con graves secuelas neurolóxicas 3 de cada 10, sen esquecer que Galicia ocupa o terceiro lugar entre as autonomías con máis casos.

Son os propios pediatras os que están a reclamar a introdución da vacina que está aprobada polo Ministerio de Sanidade dende agosto de 2014, e que se comercializa actualmente co nome de BEXSERO da casa NOVARTIS e que presenta unha notable eficacia.

En España, a pesar de que a Axencia Española de Medicamentos aprobou inicialmente a súa libre distribución por toda a Unión Europea, o Ministerio de Sanidade só autorizou a vacina para "uso hospitalario" a aplicar a determinados grupos de risco.

Sendo esta a situación, durante moitos meses, fomos moitos os pais que acudimos a mercar a vacina a Francia ou Portugal, pero foron moitos máis os pais que desgraciadamente non se puideron permitir realizar unha viaxe longa e un desembolso económico de case 400 euros para as dúas doses que necesita un neno de máis de dous anos e 800 para as catro que precisa un bebé de menos de 5 meses. Cómpre non esquecerse que esta cantidade de diñeiro hai que multiplicala polo número de fillos que teñamos.

Actualmente a situación non é moito mellor, máis ben é exactamente a mesma: Dende hai un par de meses non hai que facer a peregrinaxe a países veciños, porque a vacina xa está á venda nas farmacias, aínda que a lista de agarda segue provocando que moita xente acuda igualmente a Francia ou Portugal.

O prezo dunha dose da vacina é de 106 euros en España, 10 euros máis que en Portugal. A conclusión, por tanto, é que os pais que afortunadamente poden asumir ese gasto, teñen a oportunidade de vacinar aos seus fillos, pero aquelas persoas que non poden permitirse ese desembolso teñen que resignarse a non vacinar aos seus.

Neste punto queremos recordar o artigo 43 da Constitución Española, de protección da saúde, que no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns o dereito á protección da saúde, e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións dos servizos necesarios.

Tamén se fai necesario facer mención ao Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU, que no seu artigo 6 establece que todos os nenos teñen dereito intrínseco á vida e que todos os estados asinantes garantirán na máxima medida posible a supervivencia e desenvolvemento do neno.

Existe unha clara demanda social, que cristalizou na "Plataforma de Cidadáns pola Saúde - Vacina Xa" que constantemente se mobiliza para recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e para esixirlles que introduzan a vacina contra a Meninxite B de xeito universal e gratuíto para todos os cidadáns, tendo en conta que no que vai de ano xa faleceron dúas persoas en Arteixo (un deles neno) e outro neno en Boiro.

Aínda que os concellos non temos competencias directas a nivel sanitario, e neste aspecto a nosa actuación non é definitiva, si que os que formamos parte desta Corporación municipal somos representantes dos veciños, e somos moitos de nós, nais e pais, ou avós ou tíos ou veciños das nenas e nenos que obrigatoriamente temos que protexer e salvagardar.

Polo exposto, o grupo municipal de ACdC, propón ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario de vacinación.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inmediata inclusión da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina.

Terceiro: Dar traslado dos acordos acadados á "Plataforma de Cidadáns pola Saúde - Vacina Xa"

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que están totalmente de acordo con esta moción, simplemente lembrar que o Parlamento de Galicia, no mes de abril do 2015, xa reclamou ao Sergas o custo da vacina da meninxite B. Foi aprobado por unanimidade por todo o Parlamento, incluso fíxose unha emenda para que do mesmo modo o Ministerio de Sanidade faga o propio a nivel de toda España. Por iso reitera que están totalmente de acordo con esta moción.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que como non pode ser doutro modo, eles van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que están totalmente de acordo en cada punto e en cada coma, e o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que é certo que nos últimos meses morreron tres persoas na comarca da Coruña, en Oleiros e en Arteixo, afectadas por meninxite B, aínda que este tipo de meninxite ten unha incidencia moi baixa en España.

A demanda dunha solución, ou sexa da vacina, polo que se sabe ata o momento non é a panacea absoluta deste problema, tal e como poida parecer, porque en realidade a eficacia clínica desta vacina non se avaliou por medio de ensaios clínicos, como sería de rigor, senón que foi deducida por medio de estudos de inmunoxeneidade.

Un organismo independente e rigoroso como é a SESPAS (Sociedade Española de Saúde Pública e Administración Sanitaria) elaborou un informe no que afirma que os ensaios clínicos de seroconversión non deron os resultados suficientes, porque cunha incidencia tan baixa de enfermidade, parece imposible avaliar a eficacia dos ensaios clínicos habituais.

Polo tanto, di que a introdución desta vacina no mercado parece basearse máis nas boas intencións, á agarda dos estudos da fase catro. A vacina experimental Bexsero, fabricada polo poderoso laboratorio Novartis, en caso de chegar a aplicarse masivamente aos nenos, sería a primeira vacina que se comercializa sen dispoñer de datos de eficacia clínica, coa incerteza de que poida realmente interromper a circulación das bacterias e manter a inmunidade de grupo.

Os seus nenos poderían servir de cobaias de laboratorio, o cal obtería unha información moi importante sobre a eficacia e a seguridade deste produto trala aplicación masiva na poboación infantil. Ninguén pode asegurar que non se van provocar danos e perdas con esta práctica, pois o perfil de seguridade da vacina aínda está por comprobar.

A AEMPS, a Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, comunicou o 5 de abril de 2013 a súa postura ao respecto. Dixo que con base na ausencia de datos de eficacia clínica con esta vacina, cunha incidencia actualmente contida da enfermidade meningocócica, por ser grupo B, e á agarda de obter datos de efectividade pola súa autorización, e ante a ausencia nestes momentos de recomendacións oficiais de uso por parte de Saúde Pública, recomenda establecer o uso hospitalario da vacina Bexsero, ata que Saúde Pública determine no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde o obxectivo ou a política que se vai seguir respecto desta vacina.

Polo tanto, dada esta controversia científica, cren que excede moito a competencia científica deste concello o impulsar accións non suficientemente comprobadas clinicamente, así que conclúe que o seu grupo vaise abster.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el cre que en España teñen suficientes medios para garantir unha vacina como esta, polo tanto, o voto de UxC vai ser a prol, e ademais queren agradecer a ACdC-SON que trouxera esta moción.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que quere agradecérllelo aos grupos que apoian a moción, e a verdade que llelo agradece, e sinceramente, agradécelle especialmente ao PP que o faga.

De todas formas, non pode deixar pasar a oportunidade de contestar á concelleira de Ciudadanos. Dille que a gravidade desta situación é tanta que é necesario que se impliquen dende todas as administracións, ata conseguir que se inclúa no calendario vacinal. A non inclusión no calendario vacinal da Bexsero é única e exclusivamente por unha cuestión económica.

Ata o día 1 de outubro o ministro de Sanidade dicía, igual que a Sra. concelleira di agora, que a vacina non estaba suficientemente probada. A vacina, non obstante, para non estar suficientemente probada, si que estaba autorizada e prescrita como vacina de uso hospitalario. A vacina estaba reservada a ese uso hospitalario, que se

reserva para persoas que se atopan en grupos de risco, pacientes inmunodeprimidos, con problemas de bazo ou sen bazo, persoal de laboratorio que traballa con esas bacterias, ou persoas que xa están infectadas con outras bacterias de meningococo.

Dicía o ministro de Sanidade o mesmo que dicía a concelleira de Ciudadanos, que a vacina podía ter efectos adversos, pero se había un brote garantían a súa administración. É dicir, que se hai un brote vacinárase a todos os nenos, sabendo que ten efectos adversos. Iso no seu pobo chámase asasinato en serie.

Só para lembrar quen autorizou o troco do uso da vacina o 1 de outubro, dicirlles que foi a Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios. Esa axencia depende directamente do Ministerio de Sanidade, e permite que se venda en farmacias, porque a vacina pasa de medicamento de uso hospitalario a medicamento de prescrición con receita médica. A axencia dá por boa a vacina se os que pagan son os pais, pero non está demostrado o seu uso se quen a paga é o Goberno, e iso é unha reflexión interesante.

Dille á Sra. concelleira que existe un organismo que é o Comité Español de Pediatría, que ten incluída a vacina no seu calendario vacinal. Todos eses estudos que se sacan da manga partidos como Ciudadanos, curiosamente todos eses estudos están incompletos, fáltanlles datos. Nas manifestacións de Ciudadanos é moi curioso, faltan datos, son datos que teñen que acabar de revisar, pero resulta que a nivel europeo si se recomenda a vacina. A nivel nacional, tamén. A nivel pediátrico, tamén. Pero a nivel de Ciudadanos, non se recomenda.

Está absolutamente segura de que todos os membros de Ciudadanos teñen aos seus fillos vacinados contra a meninxite, totalmente segura. Pon a man no lume, e está convencida que moitos deles, do partido de Ciudadanos, foron a Portugal, como foi ela, a comprar a vacina para os fillos. Pero a diferenza é que a eles pártelles o corazón pensar na cantidade de nais e pais que non poden afrontar o gasto como o afrontaron algúns deles. Esa é a diferenza.

Outra das grandísimas burradas que se escoitan, e ela non pensaba que se ía escoitar neste salón de plenos, é iso de que é unha enfermidade moi pouco común. Pois di que se a ela lle morre o seu fillo por culpa de non estar vacinado, dálle a risa que sexa pouco común, porque que che morra un fillo ten que ser moi duro, e máis porque un Goberno non a teña incluída no calendario vacinal, e ela, pola súa situación económica, non poida poñela.

Non só iso, senón que, ademais, xa lle dixo que ela afortunadamente vacinou, pero coñece a moita xente que está moi preocupada, porque aínda que queira facelo, hai listas de agarda tan enormes nas farmacias que se tiran meses, e o Sr. Juan Evaristo o sabe, sabe que isto é absolutamente certo, meses e meses agardando pola vacina. Conclúe dicindo que os nervios que pasan eses pais pódense solucionar incluíndo no calendario vacinal.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo manifesta que ela fixo referencia ao persoal de seguridade da vacina, que é o que está por comprobar. Tristemente neste país teñen vivido situacións como a da talidomida, precisamente por eses ensaios que se levan a cabo sen importar a eficacia e seguridade dun produto. Di que a todos os comoven estas cousas, pero todos queren tamén unha seguridade.

Ela en ningún caso dixo que eran poucos casos, dixo que a incidencia era baixa en España. En ningún momento dixo que eran poucos casos. Seguen pensando que non está probada suficientemente, e non saben cales poden ser os efectos que poida ter. É unha vacina experimental e, polo tanto, con estas cousas eles cren que hai que ter moitísimo coidado. Ata que non teñan a plena seguridade, por parte da Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, de que realmente non vai ter efectos adversos, pídelle que lles permita que dubiden.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON e os dous concelleiros do BNG. Abstense a concelleira do GM (C's).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A Corporación, por dezaoto votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's).

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción presentada, don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, explica que esta moción, unha vez presentada, foi obxecto de conversas entre UxC, ACdC-SON e o propio Bloque, para a través do equipo de goberno transformala nunha declaración institucional do conxunto da Corporación. Lamentablemente non puido ser, pero pide que quede aquí o agradecemento público do BNG aos grupos de UxC e ACdC-SON, pola sensibilidade amosada nun tema como este, e, polo tanto, eles tamén forman parte desta moción.

B) Moción do grupo municipal do BNG a prol da ampliación da acreditación por violencia machista e da creación do Estatuto do feminicidio

Rexistrada de entrada ao núm. 0/10446 o día 19 de novembro de 2015. Consta do seguinte teor literal:

“A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que afrontar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel grazas ao constante e incansábel traballo dos movementos das mulleres.

Nacións Unidas recoñece a “violencia contra as mulleres” como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre os sexos que, de feito, impide a igualdade plena das mulleres, sendo a violencia un dos mecanismos sociais para manter a súa situación de subordinación.

Co obxectivo de remover as estruturas que causan e perpetúan esta situación están vixentes a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e dar pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que sirva de base para a elaboración dun Estatuto da vítima de Feminicidio.

Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración Local, por ser a institución máis próxima á veciñanza, converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. Instar a Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, nos seguintes termos:

- 1.1. Introducción do termo feminicidio e inicio dos traballos para o desenvolvemento dun Estatuto de vítima de Feminicidio.
- 1.2. Introducir no articulado da Lei un novo título que defina a acreditación da situación de violencia machista nos seguintes termos:
 - a. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou polo secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - b. Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.
 - c. Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - d. Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - e. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - f. Calquera outra que se estableza legalmente.
2. Instar a Xunta a iniciar os traballos para modificar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do feminicidio e o estatuto de protección das vítimas de feminicidio.
3. Instar a Xunta, entidade con competencias directas na materia, a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención ás mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.
4. Colocar o 25 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta co lema “ Día Internacional contra a violencia cara ás mulleres”.
5. Contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
6. Promover a participación cidadá naquelas iniciativas contra a violencia machista na localidade e realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural do Concello.
7. Erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
8. Desenvolver unha especial atención ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na vitimización múltiple nos procesos de atención.
9. Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a Igualdade e contra a violencia de xénero.
10. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que falou persoalmente con Manuel Rivas para propoñerlle traer esta moción do BNG como declaración institucional. Todos saben que simplemente se un dos membros desta Corporación non está de acordo, non a poden traer como moción institucional, e o Sr. Rivas díxolle que a pesar de que estaba de acordo na gran maioría desta moción, había puntos que non vía claro, polo que, entón, non se podía traer como declaración institucional.

Quere dicir que foi así, non é que non se lle dera participación, a partir de aí xa non chamou ao resto dos grupos porque xa non se podía traer como declaración institucional. Quería aclarar este tema, nada máis.

Concedida a palabra a don Manuel Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que, como dixo o Sr. alcalde, a eles sorpréndelles que o BNG se poña en contacto cuns grupos e que a eles non se dirixa en ningún momento para mencionar esta declaración institucional. Simplemente salientar ese tema.

No que respecta á moción, el considera o tema o suficientemente importante e grave como para tomalo moi en serio. O tema da violencia machista é algo que lles afecta a todos, directa ou indirectamente aféctalles a todos, e teñen que tomalo con rigorosidade, con exemplaridade, e mantendo sempre firme e ben claro o espírito que significa a protección á muller que sofre dalgunha maneira esa violencia.

Respecto da moción que se presenta, en termos xerais poden estar de acordo con ela, parécelles correcta porque toca algúns puntos, ou varios puntos, que son de interese, pero hai outros que eles entenden que se refiren á lexislación, quere dicir que a moción legisla por si mesma, e de feito a moción pon que insta á Xunta e ao Goberno do Estado a que melloren a lexislación neste sentido.

Eles están de acordo en que efectivamente hai que mellorar a lexislación, porque seguen con demasiada, con excesiva, con horrible violencia de xénero e non se pode continuar así. E iso teñen que facelo loxicamente os que teñen que legislar, pero cre que o Concello de Cambre non pode legislar, o que fai é xestionar uns recursos e pouco máis.

Como non pode legislar, os puntos da moción que falan de que teñen que incorporar ou din que incorporen, iso loxicamente correspóndelle ao lexislador. El propoñeríalle ao BNG que lle pase esta mesma nota ao seu grupo no Parlamento autonómico, para que inste dentro do Parlamento a que esa lexislación autonómica se modifique nos termos que propoñen.

Hai outros puntos que a el lle sorprende que os poñan tamén, porque pide a moción que cada 25 de novembro se coloque na fachada unha pancarta violeta co lema " Día Internacional contra a violencia cara ás mulleres". Cre que lle corresponde ao alcalde decidir que pancarta se pon, que lema se pon e en que circunstancias convén poñelo, e se pode ser máis incidente, pois moito mellor. Limitalo ao que sería unha moción que aquí poidan aprobar ou non, cre que non encaixaría claramente.

Tamén fala a moción de que o servizo do 016 deberá funcionar frecuentemente, polo menos, se é posible, todos os días do ano, as 24 horas do día. Dille que xa funciona as 24 horas do día e xa funciona os 365 días do ano. Reitérase aquí, e a el parécelle moi ben, pero xa está funcionando. O 016 parécelle que é dos poucos servizos que funcionan francamente ben en toda España.

Por iso di que eles na votación, aínda sendo o importante que é e o grave que é o problema, tal e como está redactada a moción, vanse abster, porque cren que non está ben redactada, ou polo menos a eles non os consultaron para facer unha redacción un pouco máis acorde.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar que a realidade é que o BNG presentou o venres de forma individual. Eles leron a moción, pareceulles unha moción axeitada e propuxéronlle ao BNG traela como declaración institucional. Faláron con eles e foi el quen lles dixo, oe, se non te importa, falo eu cos grupos políticos para ver se non teñen inconveniente no tema.

É dicir, quere desculpálos neste caso, porque a idea de traela como declaración institucional foi súa, o BNG simplemente presentou unha moción, e teñen o dereito a presentala e a debatela, por iso quere desculpálos neste caso.

Concedida a palabra a don Manuel Mora Pita da Veiga pídelle desculpas ao BNG por esta cuestión. De calquera forma, como chegou moi precipitadamente, ao mellor non deu tempo a consensuala.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo está a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que van secundar a moción.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que eles, como non pode ser doutra forma, asumen todas e cada unha das cuestións que se abordan nesta moción, e incluso máis. Vai dalgunha forma a contradicir o que dicía o Sr. Mora agora mesmo, porque ningunha lei estará completa, non terán un regulamento correcto, mentres siga existindo violencia machista, violencia de xénero, mulleres mortas, iso está claro, e por iso teñen que seguir loitando dende o concello, dende o Parlamento, dende o Estado, dende Europa, dende onde sexa, para que a protección sexa cada vez máis, porque lamentablemente, non sabe por que hai mecanismos que non funcionan, están dando por bos mecanismos que ao final lles dan os datos.

Agora mesmo de memoria, e a pesar de que levan todo o día co tema, escapóuselle o número, non sabe cantas mulleres van, cre que 46. Escoitou nas noticias que a día de hoxe 46 mulleres e 42 fillos sen nai, que é absolutamente demoledor.

Quería comentar tamén que sempre que chega esta data, dende antes EU, agora aquí, ela, Olga Santos, sempre di o mesmo, e agarda que este ano tamén o poida dicir, e no mesmo sentido. Eles dende o concello teñen un labor importantísimo, o de erradicar das súas linguaxes, a linguaxe sexista, calquera tipo de manifestación, como hoxe un alcalde de non sabe onde, que lle dixo a unha concelleira que respectara a un home cando falara, ese tipo de barbaridades. Aquí no Concello de Cambre non hai moito tempo tiveron un exemplo, moitos deles saben a que fai referencia, non vai nomear a ninguén, pero teñen que erradicalo tamén das súas linguaxes e das súas formas de facer, e da pequena parcela de poder que ostentan, porque con esas cousas é co que ao final van conseguir, agarda, erradicar esa eiva.

Felicita ao BNG por esta moción e hoxe dun ano a ver se a situación é outra.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que en Ciudadanos queren outra lei de violencia de xénero, cren que esta xa non está sendo útil, pero consideran que tamén hai un par de cousas nesta moción ás que non terminan de ver a efectividade, como ao mellor é o de aplicar o termo feminicidio.

A lei actual leva máis de 10 anos, e non se ten realizado ningún informe serio sobre a súa incidencia na sociedade. Co número de vítimas que se está producindo, esta lei xa non está sendo útil, habería que revisala e ver todas as ideas e cousas que se poden achegar, pois efectivamente non hai que parar en ningún momento e hai que estar enriba.

Quizais non ten os suficientes medios esta lei, e non está dotada suficientemente nos xulgados. O 80% das mulleres asasinadas non denunciaron, e quizais o problema é que están a xudicializalo, cando hai que facer máis política social, tanto en educación como nos colexios.

A lei establecía que había que facer un informe sobre a súa incidencia na sociedade. Por exemplo, ás veces outórgase aos concellos a capacidade de facer políticas de igualdade, pero ás veces non teñen diñeiro e non sempre poden facelas. Haberá que ver se está funcionando, pero haberá que velo a nivel nacional, e facer outras leis máis realistas e darlle máis importancia á parte social.

Esta era unha lei integral, que falaba de educación, creáronse xulgados, pero non se dotou de medios. Toda esa parte non se ten materializado. Hai que facer que se destinen orzamentos para iso, e tamén, un punto que eles botan de menos, evitar que a vítima se atope nos xulgados co seu agresor de fronte. Tampouco hai un equipo psicosocial que as apoie, e hai que dotar de medios, facer as cousas ben e de maneira racional.

É fundamental ter un informe e ver que está fallando, e por que non denuncian moitas mulleres. Este tipo de violencia prodúcese en idades máis temperás, porque ás veces a educación falla e o machismo está instaurado. É fundamental a educación, seguen pensando o mesmo. E aínda que as competencias en educación estean transferidas ás comunidades autónomas, eles cren e queren que estes contidos sexan obrigatorios en educación, como é educar en valores, en dereitos civís e cidadáns, e en igualdade.

Pregunta a partir de que idade se debe de empezar a ensinar estes valores. Pois di que dende a etapa dos 0 a 3 anos, utilizando xoguets, recursos pedagóxicos. Cren que é moi importante incluso formar aos profesores e empezar dende as idades máis temperás.

Conclúe dicindo que todas as ideas son boas, que todo o que se pode achegar é bo e, polo tanto, tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, manifesta que simplemente quere agradecer aos grupos de UxC, PSdeG-PSOE, ACdC-SON e C's o seu voto a prol. E dicirlle simplemente ao Sr. Mora Pita da Veiga que entenden que si, que eles non poden legislar, pero dende a humildade do seu concello queren facer que o Concello de Cambre intente que a lexislación mellore. Intentan de todas as formas iso, e intentan que sexan as institucións as que poñan ferramentas a disposición da muller, para que non sexan elas as que se teñan que declarar como propias vítimas, senón que sexan as institucións as que lles dean ferramentas, e non elas polo terror ou polo medo non declararse como vítimas e non poder acceder ás axudas destinadas para iso.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el cre que todos teñen responsabilidades e todos teñen que achegar neste caso. Os datos nunca van ser bos mentres o dato non sexa cero. Polo tanto, teñen que poñer todo o que está nas súas mans, como concelleiros, como personaxes públicos, para que isto chegue un día que sexa así. O bo dato será cando sexa cero.

Agradece ao BNG a presentación da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC, os catro concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG e a concelleira do GM (C's). Abstéñense os seis concelleiros do PP.

A Corporación, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/9954 o día 30 de outubro de 2015, procedente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, polo que se acusa recibo da certificación do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, o día 30 de setembro de 2015, en relación coa ría do Burgo. Así mesmo, informan que dan traslado dese acordo á Secretaría de Estado de Medio Ambiente, centro xestor do departamento, competente na materia.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1925/2015, do 30 de outubro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar os asuntos e funcións incluídos na delegación xenérica da Área de Benestar Social e Educación efectuada por Resolución de Alcaldía número 1111/2015, de 23 de xuño a prol de don Jesús Bao Bouzas, ata o esclarecemento interno dos feitos.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1961/2015, do 9 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Revocar a delegación xenérica da Área de Benestar Social e Educación efectuada a prol de don Jesús Bao Bouzas mediante Resolución de Alcaldía número 1111/2015, do 23 de xuño, asumindo esta Alcaldía a dirección da dita área e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas a ela segundo a Resolución da Alcaldía número 1107/2015, do 23 de xuño.

De conformidade co establecido nos artigos 50.3 e 56.2 do Regulamento orgánico municipal, a revogación de competencias delegadas producirá efectos dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: Cesar a don Jesús Bao Bouzas como membro da Xunta de Goberno Local e como terceiro tenente de alcalde do Concello de Cambre.

De conformidade co establecido nos artigos 58.5 e 70.2 do ROM, ambos cesamentos terán efectividade dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Terceiro: Como consecuencia do cesamento de don Jesús Bao Bouzas como terceiro tenente de alcalde, modificar a Resolución de Alcaldía número 1109/2015 en canto á orde do nomeamento a efectos de substitución, sendo a dita orde a que se relaciona a continuación:

- 1º Don Augusto Rey Moreno
- 2º Don Juan González Leiros
- 3º Dona Elisa Pestonit Barreiros
- 4º Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez
- 5º Don Ramón Boga Moscoso
- 6º Dona María Dolores Blanca García Fernández

De conformidade co establecido no artigo 58 do ROM, notifíquese aos catro concelleiros interesados, publíquese no BOP e déase conta na primeira sesión que teña lugar.

O nomeamento requirirá para ser eficaz a súa aceptación. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o/a concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación.

Cuarto: Enténdese modificada igualmente a referencia contida na Resolución de Alcaldía núm. 1111/2015, relativa á delegación de atribucións de Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local respecto da correspondencia entre a orde na tenza de alcalde e a área atribuída:

- Delegación a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros, terceira tenente de alcalde: a Área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre
- Delegación a prol de don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, cuarto tenente de alcalde: a Área de Recursos Humanos e Sanidade
- Delegación a prol de don Ramón Boga Moscoso, quinto tenente de alcalde: a Área de Cultura e Tradicións Populares
- Delegación a prol de dona María Dolores Blanca García Fernández, sexta tenente de alcalde: a Área de Desenvolvemento Socioeconómico”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1963/2015, do 10 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 16 ao 30 de novembro de 2015 ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 23 de xuño de 2015.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2037/2015, do 18 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Como consecuencia da renuncia de don Augusto Rey Moreno, a partir do día de hoxe por esta Alcaldía asúmese a dirección da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas a ela segundo a Resolución da Alcaldía número 1107/2015, do 23 de xuño.

Segundo: Para xeral coñecemento, notifíquese aos departamentos afectados, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e comuníquese ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2066/2015, do 23 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Cesar a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez como membro da Xunta de Goberno Local e como cuarto tenente de alcalde do Concello de Cambre.

De conformidade co establecido nos artigos 58.5 e 70.2 do ROM, ambos cesamentos terán efectividade dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: Revocar a delegación xenérica da Área de Recursos Humanos e Sanidade efectuada a prol de don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez mediante Resolución de Alcaldía número 1111/2015, do 23 de xuño, asumindo esta Alcaldía a dirección da dita área e o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas a ela segundo a Resolución da Alcaldía número 1107/2015, do 23 de xuño.

De conformidade co establecido nos artigos 50.3 e 56.2 do Regulamento orgánico municipal, a revogación de competencias delegadas producirá efectos dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2067/2015, do 23 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Revocar a delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Igualdade, Muller e Familia incluídos na Área de Benestar Social e Educación, efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande mediante Resolución de Alcaldía número 1111/2015, do 23 de xuño.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 50.3 e 56.2 do Regulamento orgánico municipal, a revogación de competencias delegadas producirá efectos dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2068/2015, do 23 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Revocar a delegación especial dos servizos correspondentes ás políticas de Terceira Idade e Acción Voluntaria incluídos na Área de Benestar Social e Educación, efectuada a prol de dona María Jesús Gómez González mediante

Resolución de Alcaldía número 1111/2015, do 23 de xuño.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 50.3 e 56.2 do Regulamento orgánico municipal, a revogación de competencias delegadas producirá efectos dende o momento da notificación persoal ao interesado, todo isto sen prexuízo da preceptiva publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/10516 o día 21 de novembro de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O artigo 103.3º da Constitución Española establece que a lei regulará, entre outros, o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade. Sobre este mandato constitucional o resto da normativa tanto xenérica como sectorial, inclúe entre os principios informadores de acceso ao emprego público, os principios de igualdade, mérito e capacidade, o sometemento pleno á lei e ao dereito, a eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos, así como a transparencia.

Seguindo esta estela, o terceiro 1 a) da Orde 1461/2002 do Ministerio de Administracións Públicas pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento do persoal funcionario interino, dispón que a experiencia profesional deberá referirse ás funcións e tarefas do posto de traballo que pretenda cubrirse.

Fronte a estes principios claros e coherentes, o pasado día 3 de novembro o concelleiro competente en materia de Recursos Humanos asinou a resolución número 1928/2015 pola que se aproban as bases da convocatoria de concurso para a selección dun arquitecto interino e a elaboración da relación de candidatos para nomeamentos interinos de arquitectos no Concello de Cambre; todo iso conforme co informe proposta asinado polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior co conforme do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, do 29 de setembro de 2015.

Sobre a base de compartir a necesidade de que o noso concello conte entre o seu persoal cun segundo arquitecto, dado o volume de asuntos que requiren a súa intervención; non deixa de sorprender que entre os méritos a valorar se inclúa, como experiencia profesional, ademais do tempo de servizos prestados en postos de traballo de arquitecto superior ou para os que se esixa expresamente a dita titulación nas entidades locais, a redacción, como arquitecto superior, de proxectos técnicos de demolición de edificacións. Todo iso ao estimar que nun municipio como o noso, considérase excesivo valorar practicamente de igual forma que o tempo de servizos prestados en postos de tal categoría, os proxectos técnicos de demolición nos que se interveu; xa que o traballo que deberá desenvolver ese segundo arquitecto municipal non debería ter como principal tarefa a demolición. Máis ao contrario, lonxe da imparcialidade, igualdade e capacidade dos aspirantes que, como vimos na normativa aplicable, debe presidir todo proceso de selección para o acceso á función pública, a inclusión como mérito fundamental nas bases de acceso da participación en proxectos técnicos de demolición, parece querer acomodar as bases de acceso ás aptitudes profesionais de quen posúa o dito mérito.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de Recursos Humanos cales teñen sido os auténticos motivos que primaron na elaboración das bases de convocatoria de concurso para a selección dun arquitecto interino no Concello de Cambre; xa que non parece de recibo que un concello como Cambre inclúa como mérito preferente nas bases para acceder a unha praza de arquitecto interino, a redacción de proxectos técnicos de demolición de edificacións como arquitecto superior.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, explica que non lle vai contestar o concelleiro de Recursos Humanos, é evidente.

Di que a cuestión é a seguinte, o primeiro que hai que comprobar é para que se está sacando a praza de arquitecto. A praza de arquitecto sácase porque o estado de tramitación dalgúns expedientes do Concello de Cambre está da seguinte maneira: Hai avais pendentes, 47; licenzas de primeira ocupación pendentes, 28; obras maiores, 66; segregacións pendentes de documentación, 13; obras menores, 282; actividades de licenza, 224; e especialmente expedientes de disciplina, 419.

Polo tanto, o que están propoñendo aquí non é un arquitecto interino como segunda praza do Concello de Cambre, non, o que están propoñendo é alguén que veña facer uns traballos específicos, sobre unhas cuestións, para tratar de reparar esta situación. En total fan uns 1123 expedientes que están sen tramitar dende o ano 1989.

Iso quere dicir que teñen unha insuficiencia, que teñen un débito cos veciños nese sentido. Algúns dos expedientes, por suposto, van dalos por finalizados, pero hai outros que inevitablemente hai que abordar. Polo tanto, o que se fai é temporalmente habilitar unha praza onde unha grande importancia, ou unha importancia relativa, pero bastante importante, a requiren os expedientes de reposición da legalidade, e os expedientes de reposición da legalidade levan consigo a demolición en certos casos, ou en moitos casos.

En realidade están falando, segundo os datos que el ten ou que lle teñen dado, de que son 46 expedientes pendentes de demolición, de ver se os demolen ou non. Non quere dicir que se vaian demoler, non están falando diso, están falando do proceso. Deles 27, como mínimo, probablemente deberan de demolerse. Iso leva consigo este tipo de traballo.

A Lei da función pública di que hai tres formas de contratar a un arquitecto. Primeiro quere dicir que un arquitecto debe de saber cal é a súa función, debe de ter coñecementos de todo o relativo á súa función, pero especificamente pídese un arquitecto específico sobre este tema. Di que van poñer un exemplo, cando se convocou a praza do interino anterior, dábaselle unha puntualización maximalista por ter traballos de planeamento e de plans xerais adscritos, porque o que se quería era un arquitecto que se dedicara a planeamento e plans xerais, especificábase. Evidentemente tiña que facer demolicións tamén, por suposto, é o seu traballo, e evidentemente tería que facer proxectos, por suposto é o seu traballo, pero pedíase esa especialidade porque fose eficaz. Neste caso pídese a achega da demolición, porque se cre que vai practicar bastante.

Pódese contratar fóra a demolición, pero eles cren que é un investimento manter unha persoa deste tipo, que lles vai facer os proxectos e non ter que xeralos fóra. Vailles levar os proxectos de seguridade e saúde, vailles levar os proxectos de control e calidade. Cren que é un bo investimento.

Conclúe dicindo que isto é temporal. Se nun ano os expedientes están resoltos, acabouse o contrato, acabouse a función, acabouse o programa específico para o cal están incorporando ao arquitecto, e virá outro interino se hai un novo organigrama. Agora mesmo non poden contratar a outro arquitecto porque saben que non o permite Montoro, nin o Estado, polo tanto esa é a especificidade das bases e por iso se propuxo esa puntuación. Moita ou pouca, iso é discutible, pero propúxose por unha razón lóxica.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, di que é certo que hai un volume de expedientes de disciplina moi amplo, pero están a contratalo por tres anos, ou un prazo non superior a tres anos. Ela entende que si é certo que hai ese volume, pero tamén entende que foron moi concretas as bases, é dicir, van contratar a un arquitecto superior, un funcionario de clase A, váiselle pagar un soldo importante, vai saír das arcas municipais, e ela entende que pode realizar moitas máis funcións que, non obstante, nas bases non quedan recollidas.

O Sr. concelleiro o dixo, contrátase non só para expedientes de demolición e expedientes de disciplina. Falaba, ou quixo entenderlle, que para realizar outro tipo de memorias e, non obstante, nas bases non queda claro que unha persoa que poida achegar eses medios, se lle vaia puntuar.

Tamén puntúan ter traballado en entidades locais, cando podía ter traballado noutras administracións públicas. Tampouco queda recollido como se vai puntuar iso. É dicir, ela cre que se deu moita puntuación, son 4 puntos, a temas de demolición, que é certo, probablemente poida facer iso, pero están falando dun técnico superior, é capaz diso e de moitas cousas máis.

Ela entende que xa que se ten feito ese esforzo, loable, de conseguir un segundo arquitecto, no que están totalmente de acordo, cre que lle terían que sacar moitísimo máis partido, por iso, valorar proxectos de demolición con 4 puntos, cando ao mellor vai estar facendo "X" número de demolicións, e como ela agarda que poida facer outros programas, outra redacción de proxectos, ou sexa, sacarlle partido a ese arquitecto, parécelle inxusto que esas outras funcións non se estean valorando aquí.

Don Juan González Leirós contesta que o prazo de presentación do recurso de reposición está aberto. Por suposto que hai diferentes pensamentos, eles o que están expoñendo é o seguinte: para contratar un arquitecto pódese contratar un arquitecto en praza, esa é unha das fórmulas, pero non hai praza nin posibilidade de creala mentres non aproben un organigrama, e ademais non hai posibilidade de creala porque a lei de orzamentos non llelo permite. Polo tanto, esa é unha forma.

Hai outra forma de creala, que é por acumulación de tarefas. Esa é outra forma de creala. A acumulación de tarefas antes tiña o vicio de que se creaba por 6 meses. Dábanselle 6 meses, dábanselle 6 máis, e íase elevando. Cortouse esa posibilidade porque a lei di que 6 meses como moito, e non hai máis.

Eles cren que necesitan máis tempo, e a única forma que hai efectiva para contratar a alguén durante un período máximo de tres anos, é contratalo polo que se denomina execución de programas de carácter temporal. Polo tanto, ten que haber un programa para contratar, se non hai programa, non hai función. E ademais ese programa non pode vir adscrito a funcións diarias dos técnicos municipais. Non pode facer a función diaria do técnico municipal, ten que ser un programa específico.

O que se fixo foi recoller e ver no que tiñan debilidade, e tratar de propoñer un programa nese sentido. En realidade o que se fixo foi un encaixe de palillos para tratar de ter a un técnico e poder usalo.

O problema é que hai un programa, e no programa está a demolición, polo tanto hai que valorarlle o que vai realizar no programa. Di a lei que á parte dese programa pode facer outras cousas, non poden ser maioritarias dentro do contexto, pero por suposto que pode facer outras cousas. Pero sería contradictorio traelo para ese programa e despois valorarlle que fai edificios. Non ten sentido.

Polo tanto trátase de ser coherente. Non obstante, calquera alegación, como está aberto o prazo de presentación do recurso de reposición, o falan aí. Preséntanse as alegacións, por suposto que as van ver, o saben, e as van ver con detención e con cautela. Son formas de pensar, son formas de ver as cousas.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que por parte do seu grupo tiñan coñecemento accesorio deste tema, non na profundidade que amosou a concelleira do PP. Si querían trasladar e manifestarlle ao equipo de goberno unha cuestión moi clara. Tendo en conta non tanto o carácter e o tipo do contrato, senón as propias características do concurso, eles fan a seguinte formulación: méritos a valorar na puntuación, basicamente tres áreas. Comezando polo final, a terceira, coñecemento do galego. Entenden que non é un factor por así dicilo discriminatorio, toda vez que o máximo que se puntúa é o Celga IV, que o ten o groso das persoas que opositan á función pública, ou o curso superior de linguaxe administrativa, que está pechado a funcionarios. Non é por así dicilo algo discriminatorio, o groso dos aspirantes van ter ese punto.

En canto á formación, as horas que se valoran, etc., ata un máximo de 5 puntos. Entenden tamén que moitos dos aspirantes teñen esa cota chea e, polo tanto, tampouco vai ser un factor que sirva para discernir entre un aspirante e outro.

E logo chegan efectivamente á experiencia profesional. Valórase unicamente nas entidades locais, ben, iso sería tamén loxicamente motivo de debate. E finalmente o tema dos proxectos técnicos de demolición de edificacións redactados como arquitecto superior. A eles parécelles, sendo inxenuos, como moi peculiar, parécelles moi peculiar. Eles non queren ser malos, pero imaxinan que se alguén desta Corporación se lle ocorrera ir a un notario e poñer un nome da persoa que vai ser agraciada con esta praza, e chega o 22 de decembro e tócalle a lotería, en fin, puidera pasar.

Entón, a súa postura e o seu consello é, de verdade, dicirlles que se fagan un favor a eles mesmos, de verdade llelo din, con total cordialidade, e que asuman a postura do BNG no tema da OTAN, que era “OTAN non, bases fóra”, e que cambien as bases, porque realmente estas non se adecúan realmente ao que eles entenden que deben ser as máis obxectivas.

Loxicamente hai un prazo de alegacións e recursos, e eles teñen constancia de que determinadas entidades sindicais, e non sabe ata que punto incluso o propio colexio de arquitectos pode recorrer e amosar a súa contrariedade coas bases. O ideal sería que, recollendo un pouco este malestar, volveran formular este tipo de cuestións, xa di que é a postura do Bloque.

Don Juan González Leirós expón que eles parten dunha base, o equipo de goberno parte dunha base, a de que eles son políticos, exercen a súa idea de organización e necesidade de postos de traballo, e déixanlle absolutamente liberdade aos técnicos municipais, que cren que son os que deben de saber destas cuestións, de como expor estes temas. Así o fixeron, e se hai algunha dúbida de que poida estar mal, van referendalos e van valoralos.

O que quere dicir é que non foi unha opción política poñer as demolicións. Díxoselle ao xefe de área que fixera unha redacción do programa que el necesario, con base en todo este tipo de cuestións, porque hai unha distinción entre o que é o aparato administrativo e o que é o aparato político. Por suposto que o político debe de supervisar esas cousas, non sabe se neste caso se supervisou, el non, dende logo, nin o viu, deuse conta despois. Di isto para aclarar as cuestións.

Conclúe dicindo que o volven valorar e volven a velo, e se os Sres. concelleiros o presentan no prazo do recurso de reposición xa non teñen que incorporalo dende o pleno, agradeceríallelo moitísimo. O valoran e o ven.

2º O artigo 25.1º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que *“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.”* Para engadir no seu parágrafo 2º d) e f) que o municipio exercerá en todo caso, conforme coa lexislación estatal e autonómica a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; así como a protección do medio ambiente. Todo iso sobre a base do dereito constitucional recollido no artigo 45 da nosa carta magna a desfrutar dun medio ambiente adecuado ao desenvolvemento da persoa así como o deber de conservalo.

Sobre esta base legal os veciños de Cambre temos asistido nos últimos días ao derrubamento da estrutura coñecida como “As Placas” no lugar de Castrobó, parroquia de Anceis, que levaba varias décadas en situación irregular sen que a día de hoxe coñezamos cal foi o destino dos materiais resultantes da demolición da dita estrutura.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular solicitemos do equipo de goberno a supervisión dos traballos de demolición, reposición e restauración do entorno do mencionado lugar, informando ao Pleno sobre os ditos

traballos, estado no que se atopan actualmente os terreos sobre os que se asentaba a mencionada estrutura e os terreos lindeiros, lugar onde foron depositados os residuos e resto de materiais derivados de tal demolición; destino definitivo tanto dos terreos, como dos residuos e resto de materiais derivados do derrubamento; así como o grao de respecto medioambiental nas operacións de derrubamento da estrutura, transporte de materiais e depósito dos residuos e intencións existentes respecto do reciclado dos residuos e materiais de diferente natureza derivadas do derrubamento.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que este rogo que fan, quizais veña como consecuencia precisamente do que estiveron tratando no punto 2, que é a transferencia de crédito.

Di que aclara este punto porque o Sr. Leirós, ademais, saíu...

Intervén o Sr. alcalde para dicirlle ao voceiro do PP que non están no momento do debate, que el fai o rogo, se lle responde, e despois o Sr. concelleiro ten unha intervención.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, expón que este proxecto xa o teñen explicado varias veces. Este proxecto vén dentro dun procedemento que se chama de reposición da legalidade, de reciclaxe e de reutilización do produto. Iso quere dicir que o que fan é primeiro demoler a ilegalidade, segundo darlle un tratamento ao produto que teñen alí, separando cun proxecto de reciclaxe de elementos, tal e como esixe a lei, cunha empresa que está especializada niso, cun director de obra que se ten contratado especificamente para o seguimento destes temas, que ao final terán que presentar un certificado de que teñen reciclado convenientemente eses asuntos.

Tense proposto en obra a reciclaxe dos elementos demolidos, onde se ten separado o material, chámese formigón, do que é o ferro, iso para poder reutilizar ese produto, que lles sae máis barato, precisamente para os aparcadoiros que teñen previstos neste momento. Agora mesmo está almacenado na parcela. A parcela é privada, pedíuselle permiso á empresa urbanizadora, están convenientemente valados, e estase agardando á hora da realización deses temas para coller e reutilizar na parcela.

Don Manuel Rivas Caridad manifesta que el tiña entendido iso. O que ocorre, e por iso quería aclaralo, é que eles meteron os rogos o venres, e o sábado, se mal non lembra, o Sr. Leirós saíu en prensa dicindo que eses residuos ían utilizarse precisamente nos aparcadoiros, de aí que este rogo, e reitera que por iso llelo quería aclarar, que este rogo estea obsoleto na súa formulación.

Pero engade que tamén é verdade que nese proxecto que hai para facer os aparcadoiros onde se van facer, para o cal acaban de aprobar unha transferencia de crédito, e a falta de ver se agora conseguen os convenios, hai algúns propietarios deses terreos que tiveron coñecemento pola prensa de que ían reutilizar eses residuos para explanar eses aparcadoiros, e ese é un hándicap que incluso pode frear a realización dalgún aparcadoiro, porque non están de acordo en que se reutilicen eses residuos na plataforma dos aparcadoiros.

Conclúe dicindo que por iso traían este rogo, e dálle as grazas por aclaralo, pero quere dicirlle que teña a man todas as certificacións da reciclaxe, porque senón algúns vanse opoñer.

Don Juan González Leirós manifesta que lle agradece moitísimo a información, a verdade é que é moi valiosa e non pode menos que volver agradecerllo, estarán atentos. De calquera forma, di que ese elemento de formigón prensado é unha zahorra, pero agradécello.

3º Clara foi a aposta do anterior goberno municipal no mantemento da unitaria existente na parroquia cambresa de Santa María de Vigo. Non só polo interese e a sensibilidade amosada cara aos menores, usuarios e veciños do lugar, senón tamén polos investimentos, as obras de reparación e mantemento que se fixeron ao longo dos

últimos catro anos e as xestións realizadas polo goberno municipal coas autoridades e responsables de educación da Xunta de Galicia.

Lamentablemente as instalacións da unitaria de Santa María de Vigo non están recibindo, no presente curso escolar, aos alumnos que tradicionalmente a utilizaban. Ante a expectativa do que ocorrerá no futuro máis próximo, e o noso desexo de que volva ser ocupada por alumnos, dende o Grupo Municipal Popular interésase do equipo de goberno informe sobre o estado actual das ditas instalacións, o uso que se lle está dando na actualidade a estas así como o destino que se lle pretende dar no futuro máis próximo; uso e destino que solicitamos redunde sempre en beneficio dos veciños da parroquia.

O Sr. alcalde manifesta que están de acordo en que o PP fixo unha aposta por manter a unitaria aberta, realmente é unha mágoa que os seus compañeiros de goberno na Xunta de Galicia non tiveran as mesmas ganas de mantela aberta, pero é certo que o PP, como partido de Cambre, tivo interese en mantela aberta.

Di que non saben o uso que lle van dar aínda a iso. Neste momento a unitaria está pechada, pero o que si saben é que van contar con todos os grupos políticos para definir que uso lle van dar a esa estrutura, igual que a outras que teñen en Cambre e que intentarán consensualo, se é posible, dentro dos orzamentos, por se hai que facer algún tipo de investimento. Polo tanto, reitera que neste momento non teñen un uso definido claro para ela, pero que contarán co PP e co resto dos grupos políticos para definilo, lóxicamente o mellor posible para os veciños da parroquia.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, di que só manifestar que o Grupo Municipal Popular, os concelleiros da anterior Corporación e o ex-alcalde, sempre encabezaron as negociacións coa Xunta de Galicia para que a unitaria seguira prestando servizos como tal en Cambre, o que consideraban era fundamental. Por iso tamén se preocupan polos veciños da parroquia, con independencia de cal sexa o destino futuro, precúpanse precisamente porque o propio concello fixo un investimento, e xa saben que en edificios que non se utilizan, ese investimento vai ir a menos. Poderíalles informar a anterior concelleira con competencias en materia de Educación do investimento que se fixo durante a última lexislatura nesa obra, obra que quedaría depauperada se non se utiliza. É máis, é unha parroquia que demanda servizos municipais. Conclúe dicindo que de aí o seu rogo e a preocupación porque se lle dea un destino que redunde sempre en beneficio dos veciños.

O Sr. alcalde manifesta que están de acordo e que lle agradecen ademais esa preocupación. Cre que todos os grupos están de acordo con esa preocupación, e van a definir un pouco entre todos que é o que queren facer con esa infraestrutura. Cre que é o máis sensato.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que a eles estráñalles un pouco este rogo agora, porque aínda que agradecen e son conscientes de que o Grupo Popular de Cambre, precisamente o de Cambre, estivo moi enriba do mantemento desa escola, parécelles un pouco cuestionable.

Botan un pouco de menos que no pasado se fixeran máis xestións, que se premera máis sobre ese punto de referencia non só na educación dos nenos da parroquia de Sta. M^a de Vigo, senón como punto de referencia social e lugar de encontro. Que agora o teñan reducido a un lugar baleiro é algo que non poden permitirse.

Ter na parroquia unha escola significa que os costumes locais van transmitirse de xeito directo. Dito máis finamente, é un patrimonio cultural e mesmo etnolóxico que non se poden permitir perder. Nun artigo de internet, un profesor, Jordi Martín, asimila a perda das escolas unitarias ao declive e mesmo á posible desaparición dos pobos ou parroquias nos que estaban.

Polo tanto, consideran que o uso que se lle dea á escola unitaria, sempre subvencionado a un uso posterior pola administración para que os nenos retornen ás aulas, ten que ser algo inmediato, ten que ser algo que empece a funcionar xa, porque senón teñen un problema de cohesión dentro da propia parroquia.

O Sr. alcalde reitera a súa postura. Están de acordo, e na próxima xunta de voceiros se queren o tratan, e chegarán seguramente a un acordo, nese camiño que eles marcan.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que eles queren matizar aquí unha serie de cuestións que non poden pasar por alto, e simplemente para que figuren na acta deste pleno.

Di que eles non están para nada de acordo en que o PP, como ente que non poden despezar, porque é un e non trino, defendera a unitaria en Sta. M^a de Vigo. O PP cargouse a unitaria de Sta. M^a de Vigo, e nesta frase non hai en absoluto ningunha falta á verdade.

Iso é así, cousa diferente é que fixeran unha estratexia política para aparentar en Cambre que estaban en contra do que se decidía na Coruña, sendo delegada da Xunta na Coruña unha persoa que ía pechando precisamente a súa candidatura nas municipais, facendo, consumando, perpetuando o peche da unitaria unha vez pasadas as eleccións municipais e ao comezo dunha nova lexislatura onde eles non tiñan responsabilidades de goberno.

Non pon en dúbida, loxicamente, porque sería suicida dicilo, e sería irracional, el non cre que o anterior alcalde, o Sr. Rivas, quixera pechar a unitaria de Vigo, pero si di que dentro dun esquema do PP, de desmantelamento da ensinanza pública, caeu Sta. M^a de Vigo como podía ter caído, e como están caendo, e como caeron outras moitas escolas unitarias, e non se fixo unha defensa como se debería ter feito, ao modo de ver do Bloque, desa instalación.

A maiores diso, e de maneira total e absolutamente sucinta, eles queren dicir unha cuestión: non hai mal que 100 anos dure, nin corpo que o resista, e eles cren e queren que, máis pronto que tarde, haxa un cambio na Xunta de Galicia. Vence a lexislatura en outono do ano que vén, faltan menos de 12 meses, polo tanto, o que din é que calquera cambio que se faga na unitaria de Sta. M^a de Vigo, calquera adecuación, pois que non perverta e non imposibilite que o día de mañá, se hai un goberno de progreso neste país, poida volver a abrirse esa unitaria, se como ademais é certo, e é certo, hai unha demanda da xente de Sta. M^a de Vigo e arredores para volver a abri-la. Iso sería o suceso máis feliz para todos eles, que Sta. M^a de Vigo continuara tendo esa unitaria que lle foi pechada inxustamente e dunha maneira total e absolutamente perversa.

Don Juan M^a Abalo Castex manifesta que eles só lle lembran ao voceiro do BNG, que quere que nas próximas eleccións autonómicas governe un bipartito, que cando gobernou un bipartito xa hai anos, vai facer oito anos, a ratio para o peche das unitarias en Galicia era de 11 alumnos, e aquí estase pechando con 4 alumnos.

Reitera que se pecharon unitarias cunha ratio de alumnos moito maior da que se pechou en Cambre, e o que é innegable son as negociacións que estiveron facendo tanto a concelleira con competencias en Educación naquel momento, como o alcalde Manuel Rivas, para que non se pechara a unitaria de Sta. M^a de Vigo. Sempre estiveron coas negociacións e a prol dos intereses de Cambre e dos veciños de Cambre.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/10493 o día 20 de novembro de 2015, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º As baixantes dos canlóns da ponte da autoestrada AP-9 na Barcala, están rotas e cae abundante auga enriba da ponte de madeira sobre a ría (sobre todo nos días de choiva). Sabendo que esta zona é de grande afluencia de persoas e sendo conscientes de que o problema non é de exclusiva competencia do Concello de Cambre:

Pregamos ao Goberno realice as xestións necesarias ante quen proceda, para solucionar o problema formulado.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, informa que xa trasladaron a AUDASA este asunto e agardan que lles dean unha contestación en breve.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, agradece moito a xestión porque pensan que é algo que xa leva moitísimo tempo así, non é unha cousa que veña de agora, xa leva anos con esa deficiencia, de tal xeito que se viu cortada a actividade na maioría das veces. Agora están un pouco volvendo empezar, pero foi un punto, hai anos, de referencia cultural para a xuventude, e agora está completamente apagado o tema, daquela agradecen ese traslado e a pronta solución deste problema.

Don Juan González Leirós manifesta que precisamente por iso, adiantándose ao pleno, pola mañá chamaron a AUDASA, á sección de mantemento, e trasladáronlle este asunto, e por suposto tamén lles dixeron que lles ían seguir requirindo ata que cedan e o arranxen.

2º No pleno ordinario de outono de 2014, presentouse unha moción polo grupo municipal de EU (aprobada por unanimidade) sobre o fallo do Tribunal Supremo en contra do cobro do IBI urbano en solos que non teñen desenvolvemento urbanístico, sentenza nº 2159-2014 do 30 de maio de 2014.

Dada a importancia do asunto que afecta a moitos veciños e veciñas do noso municipio, e transcorrido máis de un ano, non seolveu incidir neste asunto, nin volvemos a ter novas ou información sobre os acordos adoptados na moción presentada, a pesar de que o catastro estableceu novos criterios de clasificación do solo de natureza urbana e de valoración de solos urbanizables que non dispoñan dun plan de desenvolvemento, acordos coa sentenza do Tribunal Supremo.

Un Goberno transparente, non debe de permanecer impasible ante este problema e debe de actuar, informar aos afectados e afectadas e aos membros da oposición, porque do contrario podemos chegar a pensar que as accións desenvolvidas son máis ben escasas; a pesar de que na pasada lexislatura, o tema do IBI estivo moi presente, especialmente na campaña electoral.

Para a ACdC o resultado final desta adaptación non é outro que permitir aplicar a nova regulación catastral co fin de que os veciños e veciñas de Cambre con terreos que pasaron de rústicos a urbanizables coa aprobación das Normas subsidiarias de planeamento e non se desenvolveron poidan beneficiarse da devolución do IBI cobrado indebidamente.

Por todo o exposto, dende o grupo de ACdC pregamos:

Que por parte do Goberno se nos dea contestación e información oportuna respecto da moción presentada e aprobada no pleno de outono de 2014, no que se solicitaba o seguinte:

1 - Que os servizos xurídicos do Concello de Cambre estuden e valoren a STS por se pode ser obxecto de aplicación en Cambre. Así mesmo, que se valore, se amparándose na dita sentenza se pode realizar de oficio a devolución dos importes cobrados indebidamente, no seu caso.

2 - Que os servizos xurídicos municipais elaboren un estudo sobre o solo de Cambre que nas normas subsidiarias estean cualificados como urbanizables e non se teñan producido as urbanizacións. Nestes casos, o obxectivo é proceder a revisar os valores catastrais e o IBI liquidado.

Do mesmo xeito e en consonancia co anterior, tamén pregamos ao Goberno a seguinte información:

- Saber se o concello elaborou algún tipo de padrón municipal ou relación nominal na que apareza o número total de propietarios e propietarias afectadas por este cambio, e cantas persoas conforman esa relación.

- Se existe algún tipo de actuación específica realizada polo Concello de Cambre para informar aos propietarios e propietarias afectadas das posibles solucións e accións desenvolvidas.
- Se por parte do Goberno municipal de Cambre existe algunha previsión de datas ou calendario previsto para ofrecerlle unha solución aos veciños e veciñas afectados e que levan pagando un IBI que non lles corresponde.
- Cantos metros cadrados de terreos pasaron de IBI urbano a rústico en Cambre, e as posibles repercusións económicas ante o descenso previsto dos ingresos, tendo en conta que esta medida diminuírá o valor catastral urbano.
- Información (se existe) da estimación do importe de devolucións, baseada nos informes dos responsables, que realizaron os traballos de clasificación dos solos urbanizables do termo municipal.

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que é unha pregunta para a que deberían tirarse aquí aproximadamente unhas catro horas e media para contestala. Non sabe se están en disposición, el si, pero é un tema complicadísimo, moito. Di que o advirte porque ao mellor o que fan é contestalo, velo e resitalo.

En primeiro lugar di que si, que evidentemente estase dando información a toda a xente que vén polo concello. Estase dando dende Intervención, dende Secretaría, cónstalle, e dende Urbanismo. O propio concelleiro, e tanto o delinante como os técnicos, están dando información sobre este tema.

En segundo lugar, di que a sentenza estase aplicando en parte. Aqueles que son solos rústicos, ou solos aptos para urbanizar, os que se chamaban aptos para urbanizar, os que a lei garante que son solos rústicos, o propio Catastro, sabendo que lle ían vir moitas sentenzas enriba, ten desistido e xa o está aplicando, de feito ten vido xente co recibo dicindo que antes lle cobraban e agora non lle cobran, sorprendidos. Pois non lles cobran porque a sentenza estase aplicando.

Hai de todo. Hainos sorprendidos gratamente e hai outros que se sorprenden e preguntan que se lles expropian se lles van pagar menos. Esa é outra cuestión. Por iso di que é un tema longo e que ao mellor hai que dar unha charla.

Esa é a primeira cuestión, todos os solos aptos para urbanizar, e solos rústicos, os rústicos xa non pagaban, os aptos para urbanizar non paga ningún, por agora, agás casos excepcionais que el non coñece.

Si hai un problema, que son aqueles solos rústicos, de núcleo rural, que a nova lexislación os retoma como solos urbanos ou solos de núcleo rural e lles dá a tentación do urbano. Aí o Catastro el cre que fixo trampa, é máis, se lle permiten dicilo UxC ten feito unha alegación específica a todos eses señores, trasladouna, e ten solicitado dos implicados que fixeran roda, que formaran asociacións, para presentar esa alegación. Presentárona catro individualmente, e a verdade é que non llela aceptaron por aquela cuestión de que podían presentar alegacións ata decembro e despois o Catastro volveuse atrás e non lles permitiu presentar alegacións e díxolles que estaban fóra do período de presentación, co cal non a teñen contestado, pero o cal quere dicir que parte de razón, tiñan.

Di que esa xente si que realmente está afectada, porque é xente que ten unhas parcelas que aproximadamente poden ter 2000 m², que son as antigas parcelacións, que están dentro dun solo rústico de núcleo rural, teñen unha potencialidade urbanística de "X", porque os cualifican como urbano, pero que non poden adquirir esa potencialidade porque teñen que pasar por un plan especial de mellora do medio. Con isto están pagando como urbanos, estanlles metendo uns cravos, e aproximadamente estáselles aplicando un 200 ou 250% do que pagaban antes.

Di que a acción civil está aí, e ténselles dito que por que non se xuntan e non a promoven.

El quere facer aquí un inciso, quere facer unha avocación. Di que hai aquí un avogado. El mesmo, como arquitecto, o fixo para UxC, no seu tempo libre, por suposto. E aclara que di isto non porque a Administración non teña que implicarse, senón porque deben ser rigorosos. A Administración, e máis en Cambre, necesita a súa actividade para unha serie de cuestións, teñen que elixir, non poden formulalo todo, porque senón, non poden con todo, non poden.

Acaba de darlles un resultado das deficiencias que teñen en Cambre, das deficiencias que teñen de atrás. Ou se dedican a iso, ou se dedican a isto. El o que si lles di é que el trasládalle ao resto dos grupos. Hai un avogado perfectamente cualificado, moitísimo, ou dous. Di que el formúlalles a alegación, pero el é un técnico e polo tanto non ten a habilidade do avogado en redacción, llela formula, a ven e poden resituarse o tema.

E despois está a opción dos propios veciños, non poden pretender que o concello lles resolva todos os seus problemas. Hai que levantarse, hai que poñerse, hai que xuntarse e hai que activarse. O concello pode participar e pode movelos, pero dende logo este é un tema de cada un, que ten que utilizar as súas forzas para reivindicalo.

Conclúe dicindo que non se vai alongar máis, porque terían que falar moito máis deste tema, precisamente polo complicado que é.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que ela hoxe conta aquí 9 concelleiros que están hoxe presentes e que aprobaron esa moción, que no seu momento se aprobou por unanimidade, hai máis ou menos un ano, e hai algunhas cousas que o Sr. Leirós dixo e que ela cre que son puntualizables.

Dixo que se dá a información aos veciños que veñen, e ela di que claro, evidentemente dáse información aos veciños que veñen, existe unha sentenza, existe unha normativa, tense que dar información aos veciños que veñen, o contrario tería outro nome, claro que si.

Estase aplicando por parte do Catastro a sentenza de acordo con esa recualificación e hai veciños sorprendidos porque no recibo non lles aparece ese importe, porque evidentemente ese chan non é urbano, senón rústico, pois di que estupendo, que lle aplauden ao Catastro.

Pero di que eles do que están falando en realidade é da devolución de todas aquelas cantidades que de forma irregular, ben, irregular non, tampouco, pero que dun xeito que non correspondía, se lle cobraron a veciños durante moitísimos anos. Veciños que estiveron pagando por terreos urbanos, ou urbanizables neste caso, que non se podían urbanizar, e que actualmente están cualificados como rústicos.

Di que o Sr. Leirós ata case o final ía bastante ben, pero o tema ese de que el llelo traslada e que o pobo se levante, dille que claro, que nin unha nin a outra. Que non llelo traslade a eles, porque xa o teñen trasladado, é dicir, non ten que trasladarlles nada, efectivamente dende o momento en que forman parte desta Corporación, todos os que están aquí son responsables de todo aquilo que fan, sexa Goberno, ou sexa oposición.

Pero di que o IBI si é certo que o xestionan, e como tal necesitan xestionalo no dobre sentido. Necesitan saber, ou necesitan informes, porque hai concellos nos que xa se está facendo. Non sabe se coñece o caso de Benavente, pero en Benavente houbo técnicos municipais que estiveron, ata onde eles saben, cre que foron 3 meses traballando, e de oficio, sen que o veciño teña que ir, estase aplicando esa devolución das cotas indebidamente cobradas.

Preguntan que se pode facer, porque dende que se aprobou a moción aquí pasou un ano aproximadamente, pasou unha campaña electoral, pasou nalgúns casos unha utilización do tema do IBI para a campaña electoral, non o vai cualificar, unha utilización, e dille ao Sr. Leirós que non fala deles, quere dicir que o tema do IBI estivo

aquí moi presente, houbo plenos do IBI, houbo mobilizacións co IBI, houbo un catastrazo, estivo aquí un señor explicando o IBI, reunión na que estaba o Sr. Leirós, se non se equivoca. Di que aquí co IBI en Cambre houbo unha lea tremenda.

Intervén o Sr. alcalde para pedirlle á Sra. concelleira que vaia rematando.

Dona M^a Olga Santos López contesta que si, que está rematando. Continúa preguntando por que non fan outra reunión das mesmas características. Por que non convidan aos veciños como no seu momento se convidou aos veciños para explicar que o catastrazo non era malo, que era moi bo, ou non. Por que non reúnen aos veciños e esa loita colectiva que o Sr. Leirós alega que se debe de facer, por que non a provocan eles, que é responsabilidade deles.

Di que para as arcas do concello as cousas son claras, pode supoñer un pago importante, e iso é así, pero non o saben, necesitan informes, necesitan saber de que termos están falando, cales son eses solos, e que suporía para o Concello de Cambre. E se supón un pau para o Concello de Cambre, o diñeiro non era deles.

Conclúe dicindo que ela si que lle pasa a pelota ao Sr. Leirós, para que sexa el o que tome o testemuño. Eles estarán dispostos a colaborar en todo o que sexa posible, pero o tema do IBI é imprescindible empezar xa con el, con este tema concretamente.

Don Juan González Leirós contesta que este non é un problema do IBI. O concello o único que fai é traducir un coeficiente ás valoracións catastrais, e cre que o Sr. Rivas sabe bastante disto, tradúcelle un coeficiente e cóbrao. Pero as valoracións catastrais non son un problema do IBI, o único que fai o concello é aplicarlle un coeficiente a algo que está determinado.

Di que o IBI é cero nos solos rústicos porque a valoración catastral é cero. Se fora 5, sería 5x0,60, e polo 0,10 que se lle aplica se non estás adaptado. Esa é a cuestión, polo tanto, o problema non é un problema do IBI.

Engade que, ademais, non é indefinidamente cando non se cobra o IBI. A lei procede do ano 2008, a Lei 2/2008, do solo. Prodúcense as alegacións pertinentes, os contenciosos, e cre que a primeira sentenza sae en Cáceres, pola zona de Estremadura, no ano 2011. Polo tanto, habería que ver se iso ten efectos retroactivos.

Unha terceira cuestión é que o Concello de Cambre non pode presentar eses temas nun contencioso como posición propia do concello, debería presentala individualmente cada propietario, iso estiverono falando. Pero ben, é un tema que está aí, poden velo, analízalo, como sempre, e recuperalo. Por iso di que non son catro horas, que o van ver con detención, porque é un tema complicadísimo.

Intervén o Sr. alcalde para concluír que si, que é un tema para retomar, con urxencia, están de acordo.

3º Cando se arraxaron as fontes públicas do concello, nalgún caso elimínouse o rotulo de advertencia sobre a necesidade de ferver a auga antes do seu consumo.

O noso grupo prega información sobre a existencia dalgún informe sanitario respecto da calidade da auga, de non ser así solicitamos se repoñan os mencionados rótulos sobre a potabilidade da auga.

O Sr. alcalde contesta que van retomar o tema dos rótulos. Di que é verdade que faltan en moitos sitios. A verdade é que eles non os viron nunca, el non viu nunca ningún rótulo que falara da necesidade de ferver a auga, o que poñía era auga non potable, iso si. Van retomalo, o mesmo que o tema das fontes, limpalas e conservalas.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que entón dá por feito que non teñen un informe sanitario sobre ese tema.

O Sr. alcalde di que el non, que el descoñéceo.

Don Antonio Bruquetas Santos manifesta que pensan que para o tema das fontes é algo bastante importante ter un informe sanitario que facilite saber se os veciños poden ou non usar esa auga. Non soamente con poñer un panel enriba, porque ao fin e ao cabo a fonte cumpre un labor, e ter unha fonte onde a auga non se poida usar é algo un pouco raro, cando menos.

Teñen en conta tamén que en Cambre a multitude de fontes se sitúan como puntos de encontro da veciñanza. É un tema no que el sempre se está repetindo, pero pensa que é algo que en Cambre se está a perder e non poden consentilo. Non poden deixar que a xente perda eses pequenos espazos que de seu xa tiñan gañados historicamente.

O Sr. alcalde contesta que así van facer, e agradece o rogo.

4.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/10516 o día 21 de novembro de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local inclúen entre as competencias propias de todo concello a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais, así como a seguridade en lugares públicos.

Sobre esta base o Grupo Municipal Popular preguntou ao equipo de goberno, en sesión plenaria celebrada o pasado mes de setembro, á vez que lle advertía, como contrariando o disposto nos ditos artigos, os veciños da rúa Curros Enríquez do Temple, á altura dunha torre de electricidade, viñan soportando a falta de retirada de dous valos amarelos no que parece ser foron colocados provisionalmente por unha obra de pavimentación da beirarrúa.

Así mesmo, advertíase para os efectos da súa toma en consideración á maior brevidade posible, a existencia dun desnivel que recomenda a súa retirada e substitución por outra ou outras definitivas que acaben coa dita situación de risco, sobre todo ante a proximidade do centro escolar.

Transcorridos xa dous meses dende tal advertencia sen que a día de hoxe se teña resolto o problema, dende o Grupo Municipal Popular séguese preguntando ao equipo de goberno sobre as actuacións levadas a cabo no dito lugar, requirimentos efectuados a outras administracións públicas para que palíen ou acaben coa situación creada e calendario previsto para resolver o problema.

Dona Mª Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que antes de que contesten a esta pregunta do PP, ela quere presentar unha cuestión de orde co fin de esclarecer o sentido do artigo 115.1 g) do Regulamento orgánico municipal relativo á definición de pregunta. Di que non formula esta cuestión de orde para tirar a iniciativa de ninguén abaixo, senón que como están sendo moi estritos coa aplicación do ROM, gustaríalle saber de que forma facer e redactar as preguntas. En relación coas dúas primeiras do PP e sobre todo respecto da pregunta que presenta Ciudadanos, queren preguntarlle á secretaria se esas preguntas se corresponden coa definición de pregunta do regulamento, se poden facer as preguntas dese xeito, é dicir, con varias cuestións incluídas.

A secretaria da Corporación responde que considera que isto é algo máis ben a falar na xunta de voceiros, a forma de redactar as preguntas. Reitera que cre é algo para tratalo nunha xunta de voceiros.

Dona M^a Olga Santos López explica que ela expón isto porque ténselles chamado a atención, algunha vez, porque na mesma pregunta formulaban dúas cuestións. Di isto porque se van admitir a pregunta do PP, eles celebran que así sexa, e a partir de agora eles tamén o farán así.

O Sr. alcalde contesta que o tema non é a pregunta, o tema é a resposta. Se responden soamente a unha das cuestións, xa está. É dicir, eles poden preguntar 400 veces, o rogo que fixo ACdC-SON anteriormente parecíase máis a unha moción que a un rogo, non obstante contestouse a todo absolutamente, non hai ningún problema. O problema é se realmente dende o voceiro do goberno, dende calquera membro do goberno, se contesta a todas as cuestións, entón si que terían un problema, porque non están dentro do que eles estiman que hai que facer, e que están facendo pleno tras pleno.

Poden preguntar 10 veces, contestaráselles á primeira. Esa é a idea que eles entenden como pregunta, non facer catro ou cinco, senón nese caso terían razón, pareceríase máis a un rogo que a unha pregunta. Se trataran a pregunta como un rogo debateríase nunha segunda ocasión, neste caso saben que é unha pregunta, unha contestación, e acabouse o debate, polo tanto, el cre que está máis na contestación que na formulación da pregunta en si.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que simplemente estarán atentos a ver que é o que ocorre, sobre todo están ansiosos de que chegue a pregunta de Ciudadanos. Agradece a clarificación.

Volvendo á pregunta presentada polo PP, don Juan González Leirós, voceiro de UxC, di que van contestar ao dos valos. Os valos paralizáronse porque Fomento remitiulles un escrito dicindo que o concello non tiña pedido autorización. Isto estaba adscrito a Obras, pasou o inspector por alí e paroulles a obra. Entón, non se puxeron os valos, veu o vento e caeu. É algo que el mesmo sofre todos os sábados, porque precisamente vai tomar café alí moi preto, e todos os sábados o machucan co tema dos valos.

Di que van ser positivos. En canto ás actuacións, chamouse hai uns días a Fomento, concretamente a Eduardo Toba, que é o xefe de mantemento, díxoselle a importancia que tiña isto, resolveuse o problema administrativo, resolveuse o problema dos trámites administrativos dentro do concello para adxudicar este tema, e tense adxudicado, cre que onte, a varanda. Agarda que en catro días, unha semana, estea colocada.

2^a Sobre a base da información publicada polo equipo de goberno na propia páxina web do noso concello, no pleno do pasado 29 de xullo de 2015, o Grupo Municipal Popular preguntou cal era o tipo de relación laboral que unía ao responsable do gabinete de prensa e comunicación (persoal de confianza do anterior goberno municipal), co Concello de Cambre; se este o era como traballador autónomo, como futuro persoal eventual ou como traballador por conta allea, en cuxo caso interesábase coñecer o nome da empresa de comunicación e os datos do preceptivo expediente de contratación.

O dito rogo foi contestado polo Sr. alcalde, quen manifestou que o Goberno municipal ía contratar unha empresa de comunicación nun prazo de dous ou tres meses, que sería o tempo que duraría o expediente de contratación; razón pola cal o medio de pago era un vale pedido para contratar momentaneamente unha empresa mentres non saía a adxudicación nin a contratación, o que agardaban fora no menor tempo posible.

Transcorridos xa os tres meses anunciados polo Sr. alcalde e á vista da continuidade no desempeño de funcións de gabinete de prensa do Concello de Cambre, o Grupo Municipal Popular pregunta ao Sr. alcalde sobre a regularización da situación do dito gabinete; modalidade e procedemento de contratación seguido para a súa adxudicación; empresa adxudicataria; solvencia da dita empresa e experiencia no sector da comunicación e gabinetes de prensa noutras administracións públicas; persoal que desempeña actualmente as súas funcións

como gabinete de prensa neste concello; orzamento previsto para isto, medio e forma de pago, e demais cuestións que resulten de interese sobre o asunto.

O Sr. alcalde manifesta que lle contestará tamén á primeira pregunta que fai, sobre a modalidade e procedemento. A modalidade é mediante un procedemento aberto, xa llelo dixeron nas anteriores preguntas que fixeron. En todo caso, el recoméndalles aos grupos, a todos os grupos, que supón que moitos xa o saben, e fan uso del, que utilicen o perfil do contratante dentro da páxina web, que é moi informativo e ao cal pode acceder calquera persoa de Cambre, e aí están todos os contratos, a situación actual de cada un dos contratos que xa está iniciado.

Recoméndalles a todos que fagan uso dese portal de transparencia que hai, que é moi informativo.

3ª A preguntas en sesión plenaria deste Grupo Municipal Popular sobre as intencións do equipo de goberno respecto da localización da biblioteca central municipal, non obtivemos máis resposta que esta non se instalaría na Casa da Arrigada.

Sorprende que días máis tarde, en declaracións efectuadas aos medios de comunicación, o concelleiro de Cultura e Tradicións Populares manifestara que existen informes técnicos que desaconsellan a súa instalación no dito local municipal (informes dos que non se ten constancia); que o máis probable é que no dito edificio se instale algún tipo de oficina municipal e que para a biblioteca municipal se están barallando distintas opcións, entre elas, a dalgún local privado.

Apartando a prioridade que dende o equipo de goberno se demostra outorgar aos medios de comunicación fronte ás sesións plenarias, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente en materia de Cultura sobre as intencións de localización da dita biblioteca nalgún local privado, a súa localización definitiva para o que se manifesta textualmente “estamos traballando duramente” e destino da Casa da Arrigada como oficina municipal.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de Cultura e Tradicións Populares, manifesta que se lle permiten, el recolle antes un tema que expuxo a voceira de ACdC, e di que non é unha pregunta, son catro. Pregunta cal queren que lles responda.

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira do PP, dille que a que lle dea a gana.

Don Ramón Boga Moscoso di que teñen varias preguntas. El pódelles contestar á todas, incluso á pregunta implícita.

O Sr. alcalde dille que conteste á primeira.

Don Ramón Boga Moscoso manifesta que el non sabe xa como queren que lles responda, pero por moito que pregunten dilles que non teñen claro a que van destinar ou que destino lle van dar á Casa de Arrigada. O que está claro, xa llelo dixeron noutro pleno, é que non vai ser a biblioteca municipal, é máis, habendo un acordo plenario onde se di o que xa saben.

Por outro lado, respecto dos informes técnicos dilles que non teñen máis que pedilos. É dicir, non fai falta un pleno para pedir os informes técnicos. Ten aquí unhas copias e vaille dar a cada voceiro eses informes, que non lle piden, pero váillelos dar. É dicir, non teñen máis que pedilo, sen máis, porque eles dan a información.

Intervén o Sr. alcalde para agradecer a resposta, e ante a pregunta do Sr. concelleiro de Cultura de se lles responde a todo, o Sr. alcalde aclara que quedaron en contestar á primeira, para todo o mundo igual. De todas formas, di que si que vai levar como un punto para a vindeira xunta de voceiros este tema das preguntas, se lles

parece ben, e o falan entre todos, e así o teñen claro, para que o criterio sexa igual para todos. O acordan na xunta de voceiros, se lles parece ben.

Don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que por unha simple cuestión de orde, porque non vai entrar en litixio con este tema, parécelle ben que as preguntas estean limitadas, pregunta-resposta, pero a pregunta que se lle fai ao concelleiro de Cultura está perfectamente expresada.

O Sr. alcalde expón que eles fan unha pregunta, e o Sr. concelleiro é o que interpreta a pregunta e a contesta, se non están de acordo a fan despois. Non hai intervencións nas preguntas, non hai. Dilles que a fagan por escrito ou que fagan outra pregunta.

Don Manuel Rivas Caridad insiste en que a pregunta é sobre a intención de instalación da biblioteca nun sitio privado.

O Sr. alcalde pide orde e reitera que o concelleiro xa respondeu á pregunta, que non hai máis debate sobre esta pregunta. Se non están de acordo poden facela por escrito ou facela no vindeiro pleno doutra forma, para que sexa capaz de entendela doutra forma.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/10493 o día 20 de novembro de 2015, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que van retirar a primeira pregunta das dúas que compoñen a súa primeira pregunta.

1ª No aparcadoiro situado ao carón do colexio de Sigrás, por ausencia de recheo de grava, fórmanse pozas e estanse a inutilizar bastantes prazas polo mal estado no que se atopa o lugar.

Ten previsto realizar algunha actuación para o recheo do aparcadoiro?

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, contesta que foron ver xa o aparcadoiro. Non cren que sexa por pozas, pero iso é intranscendente neste caso, van buscar unha solución. Alí abaixo é un pouco difícil, na parte de abaixo, porque saben que ten bastante auga, pero foron por alí, o viron o alcalde e máis el mesmo, e van tomar medidas.

2ª O espazo público nas inmediacións da igrexa de Cela, non ten un mantemento nin arranxo regular por parte do concello.

Pode o Goberno tomar medidas para que o mantemento do citado contorno se faga con asiduidade?

Don Juan González Leirós, voceiro de UxC, contesta que si, poden.

3ª O contedor de residuos sólidos situado xunto o paso de peóns na rúa González Garcés, impide parcialmente a visión despexada para poder atravesar con seguridade. Esta situación tamén inflúe na visibilidade para circulación rodada de vehículos.

Pódense, por quen sexa o competente, dar as ordes oportunas para situar axeitadamente o citado colector e que esta actuación se faga extensible ao conxunto do concello onde exista o mesmo problema?

O Sr. alcalde contesta que si, que xa se deu a orde para retiralo e é verdade que estaba moi mal colocado. Vaise recolocar non só ese, senón que hai un estudo por parte da Policía local, un estudo do anterior Goberno, que van retomar para ver en que situación está cada un deles, dos que faltan. Ou sexa, que si se vai facer.

Pregunta do GM (C's) presentada por escrito

O Sr. alcalde expón que a pregunta de Ciudadanos é unha pregunta que son moitas. El chamou á Sra. concelleira por teléfono para dicirlle que esta é unha cuestión para meter por Rexistro, e non para traer unha pregunta ao pleno. En todo caso, ela pediu ler a pregunta, e el díxolle que por suposto, que a pregunta podía lela, que a resposta non a ía ter neste caso.

Engade que hoxe cre que se lles entregou un DVD. Igual faltan algunhas cousas, polo que lles pide que o digan e daránselles.

A continuación, a voceira do GM (C's), dá lectura á pregunta rexistrada de entrada ao núm. 0/10511 o día 21 de novembro de 2015.

- En Ciudadanos consideramos necesario coñecer o estado das adxudicacións e contratos do Concello de Cambre, polo cal preguntamos por todas as adxudicacións ou contratos en vigor a día da data, facendo constar os seguintes datos:

- a) Obxecto do contrato
- b) Custo anual
- c) Período de vixencia
- d) Data de contratación
- e) Cláusula de prórroga, se a houbera
- f) Procedemento de adxudicación

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), expón que, efectivamente, non son moitas preguntas, é unha, o que pasa é que consta de moitas alíneas. Se a queren chamar pregunta racimo, poden facelo, pero todo entraría dentro dunha mesma resposta. Que abarca moito tempo e moito traballo, é certo.

Di que tiveron unha reunión co departamento de Contratación, e que lles están moi agradecidos pola rapidez coa que os atenderon, aínda que hai información que queda pendente, á parte do CD que lles facilitaron con parte dela.

Neste intre interveñen os concelleiros do resto dos grupos para dicir se non é isto unha pregunta, para poder estar falando.

O Sr. alcalde pide orde e pregúntalle á Sra. concelleira se fixo a pregunta.

Dona M^a José García Hidalgo contesta que si.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia